



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 604
29 de novembro de 2023

Fascículo 3



SUMARIO

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

■ Nova publicación do contido completo do fascículo 1

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia [229583](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

■ 62605 (11/MOC-000185)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre o estado da produtividade das rías galegas (Moción consecuencia da Intepelación doc. núm. 61795, publicada no BOPG doc. núm. 591, do 8 de novembro de 2023, e debatida na sesión plenaria do 21 de novembro de 2023) [229600](#)

■ 62612 (11/MOC-000186)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre o modelo de desenvolvemento do sector eólico en Galicia (Moción consecuencia da Interpe-lación doc. núm. 58611, publicada no BOPG 557, do 7 de setembro de 2023, e debatida na sesión plenaria do 22 de novembro de 2023.) [229602](#)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

■ 62715 (11/PNP-005101)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia ante o conflito laboral xurdido na empresa concesionaria do servizo de operación telefónica da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Ga-licia-061 [229606](#)



Admisión a trámite e publicación

I 62413 (11/PNP-005067)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que dote o Centro de Saúde de Viveiro dos medios humanos e materiais necesarios para recuperar a súa capacidade asistencial plena

[229611](#)

I 62421 (11/PNP-005068)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Sánchez, Rosalía e 6 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central en relación co cumprimento do cuarto eixe do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, referido á protección dos menores

[229614](#)

I 62437 (11/PNP-005069)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de medidas para levar a cabo a ampliación do número de aulas do CEIP Ben Cho Shey, do Pereiro de Aguiar, e dotalo de medios para prestar o ensino secundario obrigatorio

[229618](#)

I 62442 (11/PNP-005070)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego relacionadas coa actual mortalidade de marisco nas rías galegas

[229622](#)

I 62448 (11/PNP-005071)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno do Estado para que exixa da Unión Europea a suspensión dos vetos ao palangre, ao enmalle e ás artes de fondo no Atlántico nororiental

[229628](#)

I 62455 (11/PNP-005072)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Pérez, Moisés e 6 máis

Sobre as demandas que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España relativas ao impulso da industria do aluminio

[229632](#)

I 62465 (11/PNP-005073)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Conde, Ángel e 6 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da ampliación do número de bases de unidades operativas (BUO) e da reforma e rehabilitación das xa establecidas para mellorar a súa operatividade na prevención de incendios forestais

[229638](#)



I 62476 (11/PNP-005074)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da recuperación da materia de igualdade de xénero na oferta curricular das diferentes etapas educativas

[229643](#)**I 62488 (11/PNP-005076)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e Fernández Davila, María Cristina**

Sobre a demanda que o Parlamento de Galicia debe realizar á Xunta de Galicia para que esta interveña nos centros públicos educativos do concello de Mos, na provincia de Pontevedra, para garantir a calidade dos seus servizos

[229646](#)**I 62497 (11/PNP-005077)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín**

Sobre a demanda que o Parlamento de Galicia debe realizar á Xunta de Galicia para que esta elabore un plan de aproveitamento das frondosas caducifolias orientado a mellorar a súa calidade

[229651](#)**I 62503 (11/PNP-005078)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e 2 máis**

Sobre as demandas que o Parlamento galego debe facer á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia respecto da situación das instalacións do colexio de educación infantil e primaria Nosa Señora de Lourdes, no concello de Mondariz-Balneario, na provincia de Pontevedra

[229655](#)**I 62509 (11/PNP-005079)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 7 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno de España en relación co seguimento e control do programa UNICO, de universalización de infraestruturas dixitais para a cohesión

[229659](#)**I 62511 (11/PNP-005080)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 7 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno de España para que regule un método efectivo de verificación da maioría de idade das persoas usuarias no acceso aos contidos audiovisuais pornográficos

[229664](#)**I 62516 (11/PNP-005081)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que estableza liñas políticas integrais para a supervivencia paisaxística, humana, produtiva e industrial da Ribeira Sacra

[229670](#)

I 62529 (11/PNP-005082)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 7 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da creación dunha estratexia autonómica dirixida ao impulso do emprego feminino

[229675](#)**I 62533 (11/PNP-005083)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun plan de continuidade formativa e impulso ao campus universitario de Lugo, nomeadamente á formación agrogandeira e forestal do Campus Terra

[229678](#)**I 62539 (11/PNP-005084)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego co obxecto de coordinar e ordenar a acción exterior galega como política pública

[229682](#)**I 62541 (11/PNP-005085)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 3 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que solucione os problemas de accesibilidade derivados da execución do novo viario de acceso ao hospital Gran Montecelo

[229684](#)**I 62546 (11/PNP-005086)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da aplicación da idade de xubilación forzosa actualizada como límite para acceder ás bolsas de traballo de persoal interino nos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia

[229687](#)**I 62552 (11/PNP-005087)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e 2 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que elabore un plan integral polos dereitos da infancia

[229690](#)**I 62564 (11/PNP-005088)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da cobertura médica completa no Centro de Saúde do Vicedo así como dun servizo continuado de pediatría no PAC

[229693](#)**I 62582 (11/PNP-005089)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego en relación coa redución da débeda pública da Comunidade

[229696](#)

I 62588 (11/PNP-005090)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo e 2 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do reforzo da atención primaria na área sanitaria de Vigo e do servizo de urxencias no Hospital Álvaro Cunqueiro

[229701](#)**I 62577 (11/PNP-005091)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Iglesias, Carmela e 2 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego da cobertura de todas as baixas, permisos e vacacións do persoal facultativo do Centro de Saúde de Gondomar

[229703](#)**I 62598 (11/PNP-005092)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego respecto do funcionamento do Consello de Bioética de Galicia

[229706](#)**1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión****Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación****I 62659 (11/PNC-005281)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e 3 máis**

Sobre os termos do fondo que a Xunta de Galicia debe constituír para axudar as persoas afectadas polas inundacións da madrugada do 14 de novembro no concello de Neda

[229709](#)**I 62714 (11/PNC-005287)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia ante o conflito laboral xurdido na empresa concesionaria do servizo de operación telefónica da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

[229713](#)**Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación****I 62399 (11/PNC-005250)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e 6 máis**

Sobre a proposta de resolución que se presenta para adoptar un acordo de rexeitamento de determinados termos dos pactos de investidura do candidato socialista á presidencia do Goberno central

[229716](#)**I 62414 (11/PNC-005251)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que dote o Centro de Saúde de Viveiro dos medios humanos e materiais necesarios para recuperar a súa capacidade asistencial plena

[229718](#)

I 62420 (11/PNC-005252)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****López Sánchez, Rosalía e 6 máis**

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central en relación co cumprimento do cuarto eixe do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, referido á protección dos menores

[229721](#)**I 62438 (11/PNC-005253)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de medidas para levar a cabo a ampliación do número de aulas do CEIP Ben Cho Shey, do Pereiro de Aguiar, e dotalo de medios para prestar o ensino secundario obrigatorio

[229725](#)**I 62443 (11/PNC-005254)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego relacionadas coa actual mortalidade de marisco nas rías galegas

[229729](#)**I 62449 (11/PNC-005255)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno do Estado para que exixa da Unión Europea a suspensión dos vetos ao palangre, ao enmalle e ás artes de fondo no Atlántico nororiental

[229735](#)**I 62454 (11/PNC-005256)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Pérez, Moisés e 6 máis**

Sobre as demandas que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España relativas ao impulso da industria do aluminio

[229739](#)**I 62464 (11/PNC-005257)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Conde, Ángel e 6 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da ampliación do número de bases de unidades operativas (BUO) e da reforma e rehabilitación das xa establecidas para mellorar a súa operatividade na prevención de incendios forestais

[229745](#)**I 62475 (11/PNC-005258)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da recuperación da materia de igualdade de xénero na oferta curricular das diferentes etapas educativas

[229751](#)

I 62489 (11/PNC-005260)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e Fernández Davila, María Cristina**

Sobre a demanda que o Parlamento de Galicia debe realizar á Xunta de Galicia para que esta interveña nos centros públicos educativos do concello de Mos, na provincia de Pontevedra, para garantir a calidade dos seus servizos

[229754](#)**I 62498 (11/PNC-005261)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín**

Sobre a demanda que o Parlamento de Galicia debe realizar á Xunta de Galicia para que esta elabore un plan de aproveitamento das frondosas caducifolias orientado a mellorar a súa calidade

[229759](#)**I 62504 (11/PNC-005262)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e 2 máis**

Sobre as demandas que o Parlamento galego debe facer á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia respecto da situación das instalacións do colexio de educación infantil e primaria Nosa Señora de Lourdes, no concello de Mondariz-Balneario, na provincia de Pontevedra

[229763](#)**I 62508 (11/PNC-005263)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 7 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno de España en relación co seguimento e control do programa UNICO, de universalización de infraestruturas dixitais para a cohesión

[229767](#)**I 62510 (11/PNC-005264)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 7 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno de España para que regule un método efectivo de verificación da maioría de idade das persoas usuarias no acceso aos contidos audiovisuais pornográficos

[229772](#)**I 62517 (11/PNC-005265)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que estableza liñas políticas integrais para a supervivencia paisaxística, humana, produtiva e industrial da Ribeira Sacra

[229778](#)**I 62527 (11/PNC-005266)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 7 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da creación dunha estratexia autonómica dirixida ao impulso do emprego feminino

[229783](#)

I 62532 (11/PNC-005267)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun plan de continuidade formativa e impulso ao campus universitario de Lugo, nomeadamente á formación agrogandeira e forestal do Campus Terra

[229786](#)**I 62538 (11/PNC-005268)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego co obxecto de coordinar e ordenar a acción exterior galega como política pública

[229789](#)**I 62542 (11/PNC-005269)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 3 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que solucione os problemas de accesibilidade derivados da execución do novo viario de acceso ao hospital Gran Montecelo

[229791](#)**I 62547 (11/PNC-005270)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da aplicación da idade de xubilación forzosa actualizada como límite para acceder ás bolsas de traballo de persoal interino nos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia

[229794](#)**I 62553 (11/PNC-005271)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e 2 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que elabore un plan integral polos dereitos da infancia

[229797](#)**I 62565 (11/PNC-005272)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da cobertura médica completa no Centro de Saúde do Vicedo así como dun servizo continuado de pediatría no PAC

[229800](#)**I 62578 (11/PNC-005273)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Iglesias, Carmela e 2 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego da cobertura de todas as baixas, permisos e vacacións do persoal facultativo do Centro de Saúde de Gondomar

[229803](#)**I 62583 (11/PNC-005274)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego en relación coa redución da débeda pública da Comunidade

[229806](#)

I 62589 (11/PNC-005275)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do reforzo da atención primaria na área sanitaria de Vigo e do servizo de urxencias no Hospital Álvaro Cunqueiro

[229811](#)

I 62599 (11/PNC-005276)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego respecto do funcionamento do Consello de Bioética de Galicia

[229813](#)

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario**1.3.8.6. Modificacións orzamentarias****Modificacións orzamentarias en comisión**

Toma de coñecemento traslado á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, e publicación

I 62619 (11/MOP-000042)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de outubro de 2023

[229816](#)

1.4. Procedementos de información**1.4.2. Solicitudes de comparecencia****1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno**

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

I 62608 (11/CPP-000148)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Do conselleiro de Facenda e Administración Pública, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para render contas respecto das últimas novidades sobre a súa política económica

[229879](#)

I 62673 (11/CPP-000149)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Da conselleira de Economía, Industria e Innovación, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para explicar a política do Goberno galego en materia de I+D+i e o nivel de execución orzamentaria nesta materia

[229881](#)



Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

I 62735 (11/CPP-000150)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar dos resultados do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia logo de finalizada a tempada de alto risco do 2023

[229884](#)

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

I 62713 (11/INT-002917)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre o amparo dos dereitos laborais e o control do cumprimento dos convenios nas empresas concesionarias de servizos públicos

[229886](#)

Admisión a trámite e publicación

I 62446 (11/INT-002898)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a preservación da produtividade marisqueira das rías galegas

[229891](#)

I 62452 (11/INT-002899)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as consecuencias para Galicia da política pesqueira da Unión Europea

[229897](#)

I 62492 (11/INT-002901)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a calidade do servizo e das instalacións dos centros educativos públicos

[229900](#)

I 62499 (11/INT-002902)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre o aproveitamento das frondosas caducifolias por parte do Goberno galego

[229904](#)

I 62520 (11/INT-002903)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a planificación integral por parte da Xunta de Galicia dos sectores produtivos na Ribeira Sacra

[229907](#)



I 62526 (11/INT-002904)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre a regulación do ensino universitario en Galicia

[229912](#)

I 62537 (11/INT-002905)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre a acción exterior e cooperación internacional de Galicia

[229915](#)

I 62548 (11/INT-002906)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a idade de xubilación forzosa do persoal funcionario interino

[229917](#)

I 62554 (11/INT-002907)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre os dereitos da infancia

[229920](#)

I 62586 (11/INT-002908)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a débeda pública da Comunidade Autónoma de Galicia

[229923](#)

I 62590 (11/INT-002909)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 2 máis

Sobre a demanda asistencial na área sanitaria de Vigo

[229928](#)

I 62602 (11/INT-002910)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre o Consello de Bioética de Galicia

[229930](#)



4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Nova publicación do contido completo do fascículo 1

Advertido un erro na publicación do fascículo 1, procédese á publicación do contido completo:

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia

A Ponencia designada pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, para emitir Informe sobre a Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia, nas reunións e cos acordos que a seguir se indican, á vista do texto da proposición e das emendas presentadas ao seu articulado, elaborou, para o seu debate perante o dito órgano, este

INFORME

1. Antecedentes

1.1. Esta proposición de lei, presentada polo G. P. Popular de Galicia, tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 26 de xuño de 2023, co número de asentamento 54794.

1.2. A Mesa do Parlamento, na reunión do día 27 de xuño de 2023, admitiu a trámite esta iniciativa e dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* (BOPG núm. 515, do 29 de xuño de 2023).

1.3. Na sesión plenaria do día 12 de setembro de 2023 tomouse en consideración a devandita proposición de lei.

1.4. Posteriormente, a Mesa do Parlamento, na reunión do día 19 de setembro de 2023, acordou a apertura do prazo de presentación de emendas ao articulado, que rematou o día 7 de outubro de 2023, e, logo de audiencia da Xunta de Portavoces, a súa tramitación pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

1.5. As emendas ao articulado presentadas —cualificadas e admitidas a trámite pola Mesa da Comisión na sesión do 8 de novembro de 2023 e publicadas no BOPG núm. 592, do 10 de novembro de 2023— foron oito: catro do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 60968) e catro do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 60975).

2. Composición, constitución e reunións da Ponencia

2.1. Designación da Ponencia

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na sesión do día 17 de novembro de 2023, designou os seguintes ponentes:



— Do G. P. Popular de Galicia: don José Manuel Balseiro Orol (titular) e don José Alberto Pazos Couñago (suplente).

— Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: don Xosé Luís Bará Torres (titular) e don Paulo Ríos Santomé (suplente).

— Do G. P. dos Socialistas de Galicia: dona Patricia Otero Rodríguez (titular) e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo (suplente).

2.2. Reunións da Ponencia

A sesión constitutiva da Ponencia tivo lugar o día 17 de novembro de 2023, presidida por dona Carmen María Pomar Tojo, presidenta da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, e coa asistencia dos ponentes e da ponente titulares: Sr. Balseiro Orol, Sr. Bará Torres, e Sra. Otero Rodríguez.

Na seguinte reunión, que tivo lugar o día 22 de novembro de 2023, coa asistencia dos ponentes e da ponente titulares, emitiuse o informe coas recomendacións desta ponencia.

3. *Elaboración do informe*

A Ponencia formúlalle á Comisión a recomendación de aceptación dunha emenda técnica consistente en unificar a denominación da autoestrada do Atlántico (AP-9), consonte consta no texto articulado.

Así mesmo, verbo das emendas presentadas polo G. P. dos Socialistas de Galicia e polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, o ponente do G. P. Popular de Galicia recoméndalle a Comisión o seu rexeitamento.

4. *Texto articulado*

Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada do Atlántico (AP-9) á Comunidade Autónoma de Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comunidade Autónoma de Galicia, cunha situación periférica desde o punto de vista territorial, presenta unha xeografía e unha orografía características que dificultan enormemente a execución das infraestruturas, cuxo deseño pouco ou nada ten que ver co doutras comunidades autónomas. Esta peculiaridade de Galicia converteuse nun enorme problema á hora de acometer infraestruturas tanto viarias como ferroviarias.

Nesta realidade cobra especial importancia a autoestrada do Atlántico (AP-9), unha vía de peaxe que se configura como o eixe de comunicación principal en Galicia ao discorrer integramente pola comunidade autónoma, conectando cinco das principais cidades de Galicia (Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Pontevedra e Vigo).



Polo tanto, o eixe que vertebra o territorio no que reside o sesenta por cento da poboación galega, que conecta o litoral atlántico galego e que sustenta boa parte da economía e da mobilidade cotiá do noso territorio, é de pagamento.

Esta condición supón unha penalización que se viu agravada coas diferentes modificacións das que foi obxecto nos últimos anos o convenio entre a Administración xeral do Estado e Autopistas del Atlántico Concesionaria Española, Sociedad Anónima, que afectan aos termos da concesión e autorizan sucesivos incrementos extraordinarios das peaxes.

Todo isto supón un agravio comparativo para Galicia e trae aparelladas consecuencias de especial relevancia, como a perda de competitividade das nosas empresas e dos nosos sectores produtivos, o transvasamento de tráfico ás estradas convencionais —coa correspondente redución da seguridade viaria—, o incremento da sinistralidade, o aumento dos tempos de tránsito e mesmo máis emisións de gases de efecto invernadoiro.

Por todas estas razóns é económica e socialmente inasumible manter as condicións actuais das peaxes da autoestrada do Atlántico (AP-9) e a evolución prevista.

Por iso, Galicia considera necesaria e imprescindible a transferencia da autoestrada do Atlántico (AP-9) á Comunidade, sempre en termos de igualdade co resto do territorio español, que permita unha xestión máis directa e máis pegada ao territorio e que levará implícita unha maior sensibilidade, que redundará nunha mellora da calidade do servizo.

É innegable que unha xestión directa desta infraestrutura desde o territorio redundaría nunha maior eficacia na xestión, que sempre sería máis acorde coas necesidades de Galicia e dos seus habitantes.

Do mesmo xeito, esa xestión directa permitiría priorizar actuacións que é necesario materializar para mellorar a funcionalidade da autoestrada do Atlántico (AP-9) e que, de feito, xa foron acordadas e comprometidas polo Goberno de España.

A influencia da autoestrada do Atlántico (AP-9), cada vez máis determinante no progreso de Galicia e na vida diaria dos galegos, xunto coa necesidade de acometer actuacións imprescindibles que se están demorando no tempo, xustifica a demanda da súa transferencia á Comunidade Autónoma, e así se manifestou, debateu e aprobou, ata en tres ocasións (15 de marzo de 2016, 9 de maio de 2017 e 10 de xullo de 2018), no Parlamento de Galicia, de forma unánime, pola Proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada do Atlántico (AP-9) á Comunidade Autónoma de Galicia, para remitir ao Congreso dos Deputados.

É incuestionable que, a día de hoxe, a autoestrada do Atlántico (AP-9) forma parte da Rede de Estradas do Estado, tal e como establece o anexo II da Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas. Pero, a pesar diso, considérase conveniente a transferencia da súa xestión á Administración autonómica, a prol dunha mellor eficiencia e eficacia dela, sempre coa necesaria colaboración e co debido respecto á distribución de competencias.

E, neste sentido, convén destacar que a sentenza do Tribunal Constitucional 65/1998, do 18 de marzo, establece que a materia de estradas resulta especialmente idónea para o establecemento de fórmulas de colaboración, tanto entre as propias comunidades autónomas como entre as co-



munidades autónomas e o Estado, dentro do mutuo respecto das respectivas competencias no marco flexible establecido pola Constitución española e os estatutos de autonomía.

En desenvolvemento deste principio de colaboración, co debido respecto ás competencias de ambas as administracións, e con base no mecanismo establecido pola propia Constitución española no seu artigo 150.2, conforme ao cal «o Estado poderá transferir ou delegar nas comunidades autónomas, mediante lei orgánica, facultades correspondentes a materia de titularidade estatal que pola súa propia natureza sexan susceptibles de transferencia ou delegación», todos os grupos parlamentarios presentaron ante a Mesa do Parlamento de Galicia unha proposición de Lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada do Atlántico (AP-9) á Comunidade Autónoma de Galicia, para a súa remisión ao Congreso dos Deputados, por entenderen que a dita transferencia permitiría unha mellor xestión da infraestrutura, máis próxima e que dea resposta ás necesidades da cidadanía, de conformidade cos principios xerais que, tal e como establece a Constitución, deben rexer para as administracións públicas, como son o principio de eficacia e descentralización.

A proposición de lei orgánica consta de tres artigos, dúas disposicións adicionais e unha disposición derradeira.

No artigo 1 establécese a transferencia da autoestrada do Atlántico (AP-9) á Comunidade Autónoma de Galicia e detállanse as funcións e os servizos que pasan a ser de titularidade autonómica, así como as obrigas que asume a Administración xeral do Estado.

No artigo 2 fíxanse as condicións do traspaso de servizos, que deben contar cos medios materiais, humanos e orzamentarios necesarios, instrumentándose mediante acordo da Comisión Mixta de Transferencias entre o Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia e o correspondente real decreto de traspaso de servizos.

No artigo 3 régulase o procedemento para a formalización do cambio de titularidade da estrada, mediante a correspondente acta de entrega e recepción.

Na disposición adicional primeira régulase a baixa desta infraestrutura como integrante da Rede de Estradas do Estado.

Na disposición adicional segunda aclárase que este traspaso non modifica as funcións e os servizos reservados ao Estado no que se refire ao control das fronteiras.

Finalmente, a disposición derradeira única establece que a entrada en vigor da disposición legal se producirá ao día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Artigo 1. *Transferencia da autoestrada do Atlántico (AP-9)*

1. Transfírese á Comunidade Autónoma de Galicia a titularidade da autoestrada do Atlántico (AP-9).
2. Transfírense á Comunidade Autónoma de Galicia a titularidade e as competencias sobre o réxime xurídico da concesión administrativa para a construción, conservación e explotación da autoestrada do Atlántico (AP-9), adxudicada mediante o Decreto 1955/1973, do 17 de agosto, así como as fun-



cións e os servizos ata o de agora exercidos pola Administración xeral do Estado en relación coa antedita concesión.

3. En virtude do disposto na presente lei orgánica, unha vez realizado o traspaso de servizos correspondentes, a Comunidade Autónoma de Galicia asumirá as seguintes funcións en relación coa concesión da autoestrada do Atlántico (AP-9):

a) A autorización da posta en servizo de novos tramos, adaptacións ou reformas dos existentes, así como de enlaces e vías auxiliares da autoestrada.

b) A supervisión e a inspección do correcto funcionamento da autoestrada, conforme a normativa xeral de estradas e os pregos que rexen a concesión.

c) A potestade sancionadora respecto de incumprimentos da concesionaria na explotación da autoestrada.

d) As modificacións que afecten o réxime económico-financeiro da concesión, singularmente no que incumbe ao establecemento, actualización e supresión das tarifas e peaxes, así como a aplicación de programas de desconto, tanto a autorización daqueles que sexan voluntarios por instancia da concesionaria a fin de incentivar o seu uso como a aprobación normativa dos obrigatorios por instancia do órgano competente en materia de estradas da Comunidade Autónoma para colectivos específicos por motivos económicos ou humanitarios.

e) A redacción e a aprobación de convenios, ou addendas aos actuais, para prever novas condicións relativas ao réxime da concesión, así como ampliacións ou reducións da actual.

3. Malia o disposto no apartado anterior, a Administración xeral do Estado conservará ao seu cargo, con respecto á sociedade concesionaria da autoestrada do Atlántico (AP-9), e ata o final do período concesional, as obrigas con repercusións económicas e financeiras derivadas da aplicación da concesión en vigor que fosen motivadas por modificacións adoptadas no período en que tivo a competencia.

Do mesmo xeito, a Administración xeral do Estado asumirá, con cargo aos orzamentos xerais do Estado, o cumprimento de todas aquelas actuacións e infraestruturas xa comprometidas, así como daquelas que sexan necesarias no futuro para o cumprimento de normativa, para unha explotación adecuada ou para que o nivel de servizo da autoestrada se manteña nun rango adecuado.

4. Coa finalidade de garantir o imprescindible equilibrio territorial e igualdade de oportunidades de Galicia co resto de España, a Administración do Estado dotará a Comunidade Autónoma de Galicia dos medios económicos necesarios para ampliar as bonificacións ás persoas usuarias recorrentes, aumentándoas para todas as categorías de vehículos pesados, e estendéndooas a familias numerosas e a viaxes nocturnas.

5. A Administración do Estado asumirá, con cargo aos orzamentos xerais do Estado, calquera consecuencia económica derivada de decisións ou situacións que non sexan responsabilidade da Comunidade Autónoma de Galicia e que teñan consecuencias no contrato da concesión.

6. Por último, e con esa mesma finalidade de evitar o desequilibrio en materia de política de peaxes que supón un agravio para a Comunidade Autónoma galega, a Administración do Estado asumirá,



con cargo aos orzamentos xerais do Estado, a supresión da aplicación do incremento de tarifa do un por cento acumulativo anual durante os próximos vinte anos, previsto no Real decreto 1733/2011, do 18 de novembro. Isto permitirá a amortización das obras de ampliación de capacidade da autoestrada do Atlántico (AP-9) entre os enlaces de Santiago de Compostela norte e Santiago de Compostela sur e entre os enlaces de Cangas e de Teis.

Artigo 2. *Traspaso dos servizos*

O exercicio da competencia transferida deberá ser asumido pola Comunidade Autónoma de Galicia no momento en que teña efectividade a transferencia dos medios materiais, humanos e orzamentarios necesarios, de acordo coas previsións contidas nesta lei, incluíndo no acordo de traspaso os compromisos de investimento en actuacións e infraestruturas, as compensacións económicas derivadas de convenios e os compromisos de gasto derivados das medidas para bonificación das peaxes.

Todo o anterior instrumentarase mediante acordo da Comisión Mixta de Transferencias entre o Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia e o correspondente real decreto de traspaso de servizos.

Artigo 3. *Formalización do cambio de titularidade*

O cambio de titularidade da autoestrada do Atlántico (AP-9) formalizarase mediante acta de entrega e recepción, subscrita polos representantes do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e da Comunidade Autónoma de Galicia, o cal determinará a cesión.

Na acta de entrega e recepción determinaranse con precisión os límites dos tramos afectados e dos bens anexos a estes. O cambio de titularidade será efectivo a partir da formalización da acta de entrega correspondente, que se subscibirá no prazo de quince días desde a entrada en vigor do real decreto de traspaso de servizos ao que se refire o artigo anterior. Nese momento realizarase a entrega da documentación e do expediente da estrada obxecto do cambio de titularidade.

Disposición adicional primeira

Unha vez efectuado o traspaso efectivo, o Goberno do Estado, mediante real decreto, procederá á exclusión e a dar de baixa a autoestrada do Atlántico (AP-9) da Rede de Estradas do Estado.

Disposición adicional segunda

O traspaso a que se refire a presente lei orgánica non supón modificación ningunha do exercicio das funcións e dos servizos reservados ao Estado no que se refire ao control das fronteiras.

Disposición derradeira única

A presente lei orgánica entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2023

José Manuel Balseiro Orol

Xosé Luis Bará Torres

Patricia Otero Rodríguez



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 28 de novembro de 2023, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 62605 (11/MOC-000185)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre o estado da produtividade das rías galegas (Moción consecuencia da Intepelación doc. núm. 61795, publicada no BOPG doc. núm. 591, do 8 de novembro de 2023, e debatida na sesión plenaria do 21 de novembro de 2023)

- 62612 (11/MOC-000186)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre o modelo de desenvolvemento do sector eólico en Galicia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 58611, publicada no BOPG 557, do 7 de setembro de 2023, e debatida na sesión plenaria do 22 de novembro de 2023.)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 62715 (11/PNP-005101)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia ante o conflito laboral xurdido na empresa concesionaria do servizo de operación telefónica da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061

Admisión a trámite e publicación

- 62413 (11/PNP-005067)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que dote o Centro de Saúde de Viveiro dos medios humanos e materiais necesarios para recuperar a súa capacidade asistencial plena

- 62421 (11/PNP-005068)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Sánchez, Rosalía e 6 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central en relación co cumprimento do cuarto eixe do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, referido á protección dos menores



- 62437 (11/PNP-005069)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de medidas para levar a cabo a ampliación do número de aulas do CEIP Ben Cho Shey, do Pereiro de Aguiar, e dotalo de medios para prestar o ensino secundario obrigatorio

- 62442 (11/PNP-005070)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego relacionadas coa actual mortalidade de marisco nas rías galegas

- 62448 (11/PNP-005071)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno do Estado para que exixa da Unión Europea a suspensión dos vetos ao palangre, ao enmalle e ás artes de fondo no Atlántico nororiental

- 62455 (11/PNP-005072)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Pérez, Moisés e 6 máis

Sobre as demandas que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España relativas ao impulso da industria do aluminio

- 62465 (11/PNP-005073)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Conde, Ángel e 6 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da ampliación do número de bases de unidades operativas (BUO) e da reforma e rehabilitación das xa establecidas para mellorar a súa operatividade na prevención de incendios forestais

- 62476 (11/PNP-005074)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da recuperación da materia de igualdade de xénero na oferta curricular das diferentes etapas educativas

- 62488 (11/PNP-005076)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a demanda que o Parlamento de Galicia debe realizar á Xunta de Galicia para que esta interveña nos centros públicos educativos do concello de Mos, na provincia de Pontevedra, para garantir a calidade dos seus servizos



- 62497 (11/PNP-005077)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre a demanda que o Parlamento de Galicia debe realizar á Xunta de Galicia para que esta elabore un plan de aproveitamento das frondosas caducifolias orientado a mellorar a súa calidade

- 62503 (11/PNP-005078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 2 máis

Sobre as demandas que o Parlamento galego debe facer á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia respecto da situación das instalacións do colexio de educación infantil e primaria Nosa Señora de Lourdes, no concello de Mondariz-Balneario, na provincia de Pontevedra

- 62509 (11/PNP-005079)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 7 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno de España en relación co seguimento e control do programa UNICO, de universalización de infraestruturas dixitais para a cohesión

- 62511 (11/PNP-005080)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 7 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno de España para que regule un método efectivo de verificación da maioría de idade das persoas usuarias no acceso aos contidos audiovisuais pornográficos

- 62516 (11/PNP-005081)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que estableza liñas políticas integrais para a supervivencia paisaxística, humana, produtiva e industrial da Ribeira Sacra

- 62529 (11/PNP-005082)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 7 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da creación dunha estratexia autonómica dirixida ao impulso do emprego feminino

- 62533 (11/PNP-005083)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun plan de continuidade formativa e impulso ao campus universitario de Lugo, nomeadamente á formación agrogandeira e forestal do Campus Terra



- 62539 (11/PNP-005084)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego co obxecto de coordinar e ordenar a acción exterior galega como política pública

- 62541 (11/PNP-005085)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que solucione os problemas de accesibilidade derivados da execución do novo viario de acceso ao hospital Gran Montecelo

- 62546 (11/PNP-005086)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da aplicación da idade de xubilación forzosa actualizada como límite para acceder ás bolsas de traballo de persoal interino nos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia

- 62552 (11/PNP-005087)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que elabore un plan integral polos dereitos da infancia

- 62564 (11/PNP-005088)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da cobertura médica completa no Centro de Saúde do Vicedo así como dun servizo continuado de pediatría no PAC

- 62582 (11/PNP-005089)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego en relación coa redución da débeda pública da Comunidade

- 62588 (11/PNP-005090)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do reforzo da atención primaria na área sanitaria de Vigo e do servizo de urxencias no Hospital Álvaro Cunqueiro

- 62577 (11/PNP-005091)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 2 máis



Sobre a demanda ao Goberno galego da cobertura de todas as baixas, permisos e vacacións do persoal facultativo do Centro de Saúde de Gondomar

- 62598 (11/PNP-005092)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego respecto do funcionamento do Consello de Bioética de Galicia

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación

- 62659 (11/PNC-005281)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 3 máis

Sobre os termos do fondo que a Xunta de Galicia debe constituír para axudar as persoas afectadas polas inundacións da madrugada do 14 de novembro no concello de Neda

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 62714 (11/PNC-005287)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia ante o conflito laboral xurdido na empresa concesionaria do servizo de operación telefónica da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 62399 (11/PNC-005250)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta para adoptar un acordo de rexeitamento de determinados termos dos pactos de investidura do candidato socialista á presidencia do Goberno central

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 62414 (11/PNC-005251)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que dote o Centro de Saúde de Viveiro dos medios humanos e materiais necesarios para recuperar a súa capacidade asistencial plena

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 62475 (11/PNC-005258)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da recuperación da materia de igualdade de xénero na oferta curricular das diferentes etapas educativas

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 62489 (11/PNC-005260)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a demanda que o Parlamento de Galicia debe realizar á Xunta de Galicia para que esta interveña nos centros públicos educativos do concello de Mos, na provincia de Pontevedra, para garantir a calidade dos seus servizos

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 62498 (11/PNC-005261)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre a demanda que o Parlamento de Galicia debe realizar á Xunta de Galicia para que esta elabore un plan de aproveitamento das frondosas caducifolias orientado a mellorar a súa calidade

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 62504 (11/PNC-005262)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 2 máis

Sobre as demandas que o Parlamento galego debe facer á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia respecto da situación das instalacións do colexio de educación infantil e primaria Nosa Señora de Lourdes, no concello de Mondariz-Balneario, na provincia de Pontevedra

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 62508 (11/PNC-005263)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 7 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno de España en relación co seguimento e control do programa UNICO, de universalización de infraestruturas dixitais para a cohesión

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 62510 (11/PNC-005264)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 7 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno de España para que regule un método efectivo de verificación da maioría de idade das persoas usuarias no acceso aos contidos audiovisuais pornográficos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 62517 (11/PNC-005265)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que estableza liñas políticas integrais para a supervivencia paisaxística, humana, produtiva e industrial da Ribeira Sacra

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 62527 (11/PNC-005266)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 7 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da creación dunha estratexia autonómica dirixida ao impulso do emprego feminino

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 62532 (11/PNC-005267)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun plan de continuidade formativa e impulso ao campus universitario de Lugo, nomeadamente á formación agrogandeira e forestal do Campus Terra

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 62538 (11/PNC-005268)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego co obxecto de coordinar e ordenar a acción exterior galega como política pública

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 62542 (11/PNC-005269)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que solucione os problemas de accesibilidade derivados da execución do novo viario de acceso ao hospital Gran Montecelo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 62547 (11/PNC-005270)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da aplicación da idade de xubilación forzosa actualizada como límite para acceder ás bolsas de traballo de persoal interino nos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 62553 (11/PNC-005271)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que elabore un plan integral polos dereitos da infancia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 62565 (11/PNC-005272)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da cobertura médica completa no Centro de Saúde do Vicedo así como dun servizo continuado de pediatría no PAC

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 62578 (11/PNC-005273)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da cobertura de todas as baixas, permisos e vacacións do persoal facultativo do Centro de Saúde de Gondomar

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 62583 (11/PNC-005274)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego en relación coa redución da débeda pública da Comunidade

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 62589 (11/PNC-005275)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do reforzo da atención primaria na área sanitaria de Vigo e do servizo de urxencias no Hospital Álvaro Cunqueiro

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 62599 (11/PNC-005276)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego respecto do funcionamento do Consello de Bioética de Galicia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.6. Modificacións orzamentarias

Modificacións orzamentarias en comisión

Toma de coñecemento traslado á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, e publicación

- 62619 (11/MOP-000042)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de outubro de 2023



1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 62608 (11/CPP-000148)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Do conselleiro de Facenda e Administración Pública, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para render contas respecto das últimas novidades sobre a súa política económica

- 62673 (11/CPP-000149)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Da conselleira de Economía, Industria e Innovación, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para explicar a política do Goberno galego en materia de I+D+i e o nivel de execución orzamentaria nesta materia

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 62735 (11/CPP-000150)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar dos resultados do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia logo de finalizada a tempada de alto risco do 2023

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 62713 (11/INT-002917)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre o amparo dos dereitos laborais e o control do cumprimento dos convenios nas empresas concesionarias de servizos públicos

Admisión a trámite e publicación

- 62446 (11/INT-002898)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a preservación da produtividade marisqueira das rías galegas



- 62452 (11/INT-002899)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as consecuencias para Galicia da política pesqueira da Unión Europea

- 62492 (11/INT-002901)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a calidade do servizo e das instalacións dos centros educativos públicos

- 62499 (11/INT-002902)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre o aproveitamento das frondosas caducifolias por parte do Goberno galego

- 62520 (11/INT-002903)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a planificación integral por parte da Xunta de Galicia dos sectores produtivos na Ribeira Sacra

- 62526 (11/INT-002904)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre a regulación do ensino universitario en Galicia

- 62537 (11/INT-002905)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre a acción exterior e cooperación internacional de Galicia

- 62548 (11/INT-002906)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a idade de xubilación forzosa do persoal funcionario interino

- 62554 (11/INT-002907)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre os dereitos da infancia

- 62586 (11/INT-002908)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a débeda pública da Comunidade Autónoma de Galicia



- 62590 (11/INT-002909)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 2 máis

Sobre a demanda asistencial na área sanitaria de Vigo

- 62602 (11/INT-002910)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre o Consello de Bioética de Galicia

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2023

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 22 de novembro, sobre o estado da produtividade das rías galegas (doc. núm. **61795**, [11/INT-002862]).

Moción

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1- Levar a cabo unha profunda análise das causas da perda de produtividade das rías galegas a partir da que elaborará e executará un Plano Estratéxico de Recuperación das mesmas que, ademais dos fondos propios, recabe a colaboración económica da UE e do Estado para o seu financiamento e que, cando menos, contemple:

. O control estrito de vertidos aos ríos e ao medio mariño, o progresivo e decidido saneamento das rías e a elaboración dun protocolo de desaugamento dos encoros.

. A recuperación e posta en explotación dos bancos marisqueiros que actualmente teñan experimentado descenso da produtividade, dirixida ao incremento das capturas, do emprego e da obtención duns ingresos dignos para manter a actividade.

. A promoción de hatcherys públicas ou mixtas para surtido de semente propia, eliminando así a dependencia exterior nos cultivos e garantindo a oferta necesaria de semente das distintas especies autóctonas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. A creación dun seguro público de produción marisqueira que asegure unha produción mínima e garanta uns ingresos que permitan aos mariscadores e mariscadoras unha renda digna.

. O control na introdución de especies mariñas foráneas e depredadoras, así como un plan de eliminación das xa detectadas.

. O estrito control sanitario do marisco importado.

2- Activar todos os mecanismos orzamentarios que sexan precisos para poder atender economicamente aos mariscadores e mariscadoras que se viron afectados por paros ou ceses de actividade a causa dos recentes episodios de mortalidade masiva en distintas rías e para impedir que se dean situacións de desamparo e falta de cobertura social.

3- Atender á situación económica das confrarías que se vexan afectadas por unha importante diminución de ingresos por mor da caída de produción.”

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 23/11/2023 16:49:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 22 de novembro, sobre o modelo de desenvolvemento do sector eólico en Galicia (doc. núm. **58611 [11/INT-002734]**).

Moción

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a impulsar a rectificación da súa política económica e enerxética apostando decididamente por un novo marco lexislativo e organizativo que corrixa a desregulación e desindustrialización. Para levalo a cabo, impulsará as seguintes medidas:

1.- Retirada do anteproxecto de Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galiza e das medidas do ámbito industrial e enerxético incorporadas no proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2024, comprometéndose a iniciar un diálogo político e social que articule un verdadeiro pacto de país para o novo modelo enerxético galego.

2.- Impulso dunha mesa de traballo plural participada polos diferentes sectores sociais, económicos e ambientais, universidades, clústers de innovación e Consello Económico e Social para unha verdadeira estratexia de participación pública e planificación enerxética arredor dos seguintes instrumentos e liñas de traballo:

2.1.- Impulso dun Mapa de ordenación das enerxías renovábeis, singularmente eólica e fotovoltaica, consensuando e planificando os obxectivos a acadar e a súa expansión no territorio e sometendo esta planificación a avaliación ambiental estratéxica e determinando zonas de exclusión.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

2.2.- Elaboración dun novo plan sectorial eólico para todo o territorio galego sometido a avaliación ambiental estratéxica en consonancia coa lei 21/2013 de Avaliación Ambiental.

2.3.- Reclamación ao goberno central da totalidade de competencias en materia enerxética, singularmente a tramitación de calquera proxecto enerxético que se desenvolva na nosa comunidade e sexa superior a 50MW.

2.4.- Reformulación do canon eólico para adaptar a súa concreción, en canto non se substitúa por outros mecanismos, ás novas características do sector de forma que se teña en conta a potencia de xeración como feito determinante para a súa contía.

2.5.- Estratexia específica para a repotenciación, estudando pormenorizadamente as zonas nas que é pertinente promover a substitución de aeroxeneradores para aumentar a capacidade xeradora.

2.6.- Explorar a declaración do aproveitamento enerxético do vento como ben dominio público, en réxime de concesión, como mecanismo para limitar temporalmente a súa explotación fronte ao sistema actual de autorización por tempo indefinido.

2.7.- Vincular a explotación eólica ao impulso de plans industriais asociados, debidamente monitorizados e vinculados a indicadores obxectivos de seguimento así como promover que unha parte do desenvolvemento estea vinculado á promoción da industria de compoñentes afincada no país.

2.8.- Creación dunha empresa pública de enerxía que aglutine a participación pública do sector en todas as enerxías que teña como base, entre outras medidas, da incorporación dos activos hidráulicos rescatables para o público.

2.9.- Impulso dun Centro para a competitividade e I+D+i en almacenamento de enerxía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.10.- Impulso dun Polo de innovación e experimentación en enerxía que aglutine Universidades, centros de investigación e tecnolóxicos, INEGA e tecido empresarial/clústers para coordinar os esforzos no ámbito do desenvolvemento tecnolóxico e a innovación en materia de enerxías renovábeis para abordar transversalmente cuestións como:

-O desenvolvemento tecnolóxico, a electrificación da enerxía e a transferencia do coñecemento.

-Plans en materia de dixitalización e redes intelixentes.

-Plans de mellora da cadea produtiva de sectores produtivos estratéxicos coma o sector primario.

-Estudo e monitorización dos efectos do cambio do clima e a produción/consumo de enerxía.”

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/11/2023 10:48:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 24/11/2023 10:48:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Cristina Fernández Davila, Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, Diego Lourenzo Moura, Carmela González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, relativa ás medidas a tomar diante da convocatoria de folga de teleoperadores/as e locutores/as do 061.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia motívase na necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes diante da convocatoria de folga de teleoperadores/as e locutores/as do 061.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Teleoperadores/as e locutores/as do 061 teñen convocados, desde o 25 de novembro, paros parciais no servizo diante dos incumprimentos reiterados por parte da concesionaria do servizo de operación telefónica “Fidelis Servicios Integrales”, do grupo Servizo Móvil.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O cadro de persoal leva tempo denunciando o incumprimento do convenio colectivo, en especial o artigo 25, facendo coincidir nas quendas de traballo a persoas que non teñen a experiencia necesaria establecida no contrato o que provoca que o persoal con máis experiencia teña que asumir unha sobrecarga de traballo moi importante, o que pode traducirse en consecuencias para a atención prestada, e fan ver que non existen elementos que expliquen esta decisión e que nunca sucedera até agora.

Diante da denuncia presentada polas/os representantes das/os traballadoras/es, polo incumprimento do convenio, diante da Inspección de Traballo, esta ditou resolución requirindo á empresa á aplicación inmediata do mesmo. A empresa non só non procedeu a acatalo, senón que ameazou coa modificación substancial das condicións de traballo da maior parte do cadro de persoal que de efectivizarse suporía máis precarización e un deterioro moi importante da prestación do servizo

A Fundación Pública Urgencias Sanitarias 061 é a responsábel da externalización do servizo na empresa privada Fidelis Servicios Integrales, non pode desentenderse dos incumprimentos da mesma co seu cadro de persoal, ten a obriga de garantir que se cumpra o convenio.

A todo isto hai que sumar a fixación duns servizos mínimos por parte da Xunta do 100% do cadro de persoal, para os paros convocados. Esta decisión supón na práctica vulnerar o dereito á folga das/os traballadoras/es, ademais de poñer de manifesto a insuficiencia do cadro de persoal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Esixirlle á empresa “Fidelis Servicios Integrales”, do grupo Servizo Móvil, concesionaria da prestación do servizo de operación telefónica do 061, o cumprimento do convenio de centros de chamadas, en especial o seu artigo 25.

2.- Garantir o dereito á folga do cadro de persoal, e polo tanto rectificar o decreto de fixación de servizos mínimos, xa que a fixación desproporcionada do 100% do cadro de persoal, impide na práctica o dereito á folga.”

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2023

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Cristina Fernández Davila

Carmen Aira Díaz

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

Diego Lourenzo Mora

Carmela González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 27/11/2023 17:11:21

Xosé Luis Rivas Cruz na data 27/11/2023 17:11:32

Cristina Fernández Davila na data 27/11/2023 17:11:40

Diego Lourenzo Moura na data 27/11/2023 17:11:44

Mercedes Queixas Zas na data 27/11/2023 17:11:49

Rosana Pérez Fernández na data 27/11/2023 17:11:58

Ramón Fernández Alfonzo na data 27/11/2023 17:12:07

Daniel Pérez López na data 27/11/2023 17:12:14

Iria Carreira Pazos na data 27/11/2023 17:12:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2023 17:12:30

Daniel Castro García na data 27/11/2023 17:12:37

María del Carmen Aira Díaz na data 27/11/2023 17:12:46

Noa Presas Bergantiños na data 27/11/2023 17:12:53

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/11/2023 17:13:02

Xosé Luis Bará Torres na data 27/11/2023 17:13:09

María Montserrat Prado Cores na data 27/11/2023 17:13:16

Alexandra Fernández Gómez na data 27/11/2023 17:13:23

Paulo Ríos Santomé na data 27/11/2023 17:13:29

Carmela González Iglesias na data 27/11/2023 17:13:36



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en Pleno.

O desmantelamento dos servizos de Atención Primaria no concello de Viveiro véñense padecendo e denunciando dende hai moitos anos. O centro de saúde e o PAC de Viveiro sofren dende hai moito tempo os 14 anos de recortes na sanidade por parte do Goberno Popular na Xunta de Galicia.

O Centro de Saúde de Viveiro, como tantos outros da provincia de Lugo e do resto de Galicia son o exemplo do ataque, que a Xunta de Galicia, fai cara á Atención Primaria, base do sistema asistencial para construír unha sanidade próxima e de calidade.

Só por poñer algúns exemplos, que demostran que se trata dun problema estrutural e non puntual, a falla de médicos neste centro de saúde:

- No verán do ano 2018, moitos dos pacientes da quenda de tarde quedaban sen atender por falta de médicos neste centro, xa que dos tres médicos que traballan nesa quenda en moitas ocasións só había un. Ademais na quenda da mañá, sen cubrir todo o verán dúas prazas de médicos. O que amosa unha política irresponsable de non cubrir o persoal.
- A finais de 2019 os pacientes denunciaban que tardaban semanas en coñecer os resultados de probas e análíticas posto que, aínda que tiñan citas concertadas, non había médicos substitutos e as mesmas citas eran anuladas.
- Ao longo de 2021 foron numerosas as ocasións en que dos 7 médicos da quenda da mañá só había 2 nesta quenda e outro para as urxencias. Ao longo do verán, na quenda de tarde, que conta con 3 médicos, houbo días en que non había ningún persoal facultativo.



- En xaneiro de 2022, en plena sexta ola da covid-19, o caso chegou ata un punto tan caótico que durante varios días este centro de saúde chegou a contar só cun único médico, para tender a case 16.000 veciños e veciñas.

Esta é a política da Xunta de Galicia para coa Atención Primaria; non cubrir baixas, nin vacacións, nin excedencias, nin xubilacións. Dende hai moitos anos dende o Concello de Viveiro, os profesionais sanitarios e os usuarios deste centro de saúde levan denunciando a falta de medios humanos e materiais e pedindo que se cubran estas baixas e se poñan os medios suficientes para ter unha Atención Primaria de calidade que así o merecen os pacientes, pero tamén para ter unhas condicións dignas para os seus profesionais xa que en moitos momentos teñen que atender unha media diaria de 90 a 100 pacientes.

Na actualidade a situación é insostible, sen servizo de pediatría dende o mes de decembro, só con algúns parches, e cómpre recordar que este servizo debe de atender ademais dos nenos e nenas de Viveiro tamén aos dos concellos veciños de Ourense e O Vicedo, cuxos centros de saúde tamén sofren problemas de falta de persoal. E só con dous médicos na quenda de mañá, que só poden atender as urxencias.

Cómpre recordar tamén que o Sergas ten sen cubrir dende hai anos varios postos neste centro de saúde, como son os de Coordinación de Enfermaría, Xefe de Servizo e Xefe de Admisión.

Por todo o antedito, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dotar de medios humanos e materiais necesarios e suficientes ao Centro de Saúde de Viveiro, para que teña a capacidade asistencial que ten asignada e recupere os servizos que foron suprimidos ou minguados nos últimos tempos.

Parlamento de Galicia, 17 de novembro de 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2023 11:59:51
Nº Rexistro: 62413
Data envío: 17/11/2023 11:59:51.179

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 17/11/2023 11:56:54

Julio Torrado Quintela na data 17/11/2023 11:57:06

Marina Ortega Otero na data 17/11/2023 11:57:16

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/11/2023 11:57:28

CSV: BOPGDSPG-02RrVNahP-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
229613

@PSdeG



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Rosalía López Sánchez, Noelia Pérez López, Corina Porro Martinez, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago e Raquel Arias Rodríguez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

Exposición de motivos:

As cifras son negras en España, 388 menores orfos por mor da violencia de xénero. O cuarto eixo sobre o que pivotan as medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero baséase na intensificación da asistencia e protección dos menores. A protección específica dos e das menores parte do seu recoñecemento como vítimas directas e leva aparelhada a necesidade de ampliar e mellorar as medidas dirixidas á súa asistencia e protección coa implantación de novas prestacións nos casos de orfandade como consecuencia da violencia de xénero; de revisar as medidas civís relativas á custodia dos menores; e de fomentar as actuacións de reforzo no ámbito educativo.

Será preciso asegurar que en cada avaliación haxa unha participación activa das vítimas superviventes e dos seus familiares para coñecer os obstáculos que deben afrontar así como adoitar medidas axeitadas para atender as súas necesidades.

Moitas veces tras a desgraza acontecida ata o máis mínimo trámite administrativo, convértese nunha xesta afrontada en soidade. Por exemplo:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





- O cambio de apelidos dos menores: medida contemplada no Pacto de Estado que será necesario conseguir a través do xulgado, contempla o feito de cambiar a orde dos apelidos, o da nai primeiro e logo o do pai, mais non quitar definitivamente o apelido do asasino.
- A tramitación das pensións de orfandade dende o Estado resulta demasiado complicada.
- Os trámites de defunción resultan demasiado complicados máxime nunha situación como esta.
- Outros asuntos de índole doméstica pódense complicar ata o absurdo. Por exemplo: a casa da persoa asasinada é unha herdanza e pasa aos fillos mais a parte do asasino sae a poxa pública. Nesta poxa poderá puxar calquera persoa co que se podería dar o caso de que a metade da casa pase a ser dos nenos e a outra metade dun descoñecido.

Por todo isto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei :

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para que dando cumprimento ao exposto no cuarto eixo do Pacto de Estado en relación á protección dos menores:

- Simplifique e axilice os trámites para facilitar o cambio de apelido dos menores, a inversión dos apelidos ou no seu defecto pasar a ter só os apelidos da nai.
- Asesore e acompañe na realización dos trámites de defunción, mais concretamente:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Certificado médico de defunción, que deberá presentarse no Rexistro Civil dentro das 24 horas seguintes á defunción.

Informe á Seguridade Social.

Notificación ás entidades bancarias

Testamento ou declaración de herdeiros

Certificado de Actos de Última Vontade

Certificado de contratos de seguros de cobertura por falecido.

- Simplifique os trámites para o cobro da pensión de orfandade.

-Facilite e priorice a adquisición da totalidade do domicilio familiar aos fillos asegurando así a permanencia no mesmo fogar, ou a súa venda no seu caso”.

Santiago de Compostela, 17 de novembro 2023.

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 17/11/2023 14:10:23

López Sánchez, Rosalía na data 17/11/2023 14:10:30

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 17/11/2023 14:11:04

María Corina Porro Martínez na data 17/11/2023 14:11:15

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/11/2023 14:11:26

Raquel Arias Rodríguez na data 17/11/2023 14:11:48

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Noelia Pérez López na data 17/11/2023 14:13:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e das deputadas **Cristina Fernández Davila** e **Noa Presas Bergantiños** e, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a ampliación do CEIP “Ben Cho Shey” no Pereiro de Aguiar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Pereiro de Aguiar é un dos concellos de Ourense que conta cunha poboación infantil máis elevada e nos que tamén é o número de nacementos é máis alto. Nos últimos 5 anos á poboación menor de 14 anos sempre foi superior a 830 habitantes, practicamente triplicando a tiña hai apenas dúas dúas décadas. Evolución significativa en relación á da provincia de Ourense, que non só padece o devalo da súa poboación, senón que esta inmersa nun preocupante proceso de avellentamento.

O concello do Pereiro de Aguiar, dende hai anos é o sexto de toda a provincia en número de nacementos.

O único centro educativo público do concello do Pereiro de Aguiar é o CEIP “Ben Cho Shey”, que atende non só ao alumnado do propio concello, senón tamén a de concellos limítrofes, polo que a día de hoxe os recursos cos que conta son claramente insuficientes.

Actualmente existen, tanto aulas de infantil como de primaria que sobrepasan os 20 alumnos/as; algo que mesmo incumpiría o acordo asinado pola Xunta de Galiza con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

algúns sindicatos que establecían os rateos de alumnos/as por aula en 25 e 20, en educación primaria e infantil, respectivamente.

A carencia de aulas impide o cumprimento do establecido no art. 10 do Decreto 132 de 2010, que exige que os centros de educación primaria deberán contar cun espazo por cada 6 unidades para desdobramentos e actividades de apoio e reforzo pedagóxico.

Asemade esa ausencia de espazo impide que o alumnado poda dispor de aulas específicas para música, informática ou inglés con recursos e materiais que permitan o desenvolvemento da súas habilidades e capacidades, e fomente a creatividade e estimule e potencie distintos valores.

Como ficou sinalado a evolución demográfica no concello do Pereiro de Aguiar, que lonxe de ser episódica ou debida a un feito illado, é sostida ao longo dos últimos anos, nos que o número de nacementos é dos máis elevados da provincia de Ourense; exige da Xunta de Galiza o incremento dos recursos e servizos públicos, tanto de transporte, como sanitarios, sociais ou educativos.

O certo é que, actualmente, tampouco en materia educativa a Xunta de Galiza atende as necesidades da poboación deste importante concello, pois o único centro de ensino público existente carece de espazo abondo para atender as necesidades educativas e potenciar o desenvolvemento integral do alumnado e recibir unha formación inclusiva e de calidade. Tampouco existe a posibilidade de continuar o ensino obrigatorio nun centro público do concello, tendo que optar polo ensino concertado ou por desprazarse fora do concello.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a ampliación do número de aulas do CEIP “Ben Cho Shey” do Pereiro de Aguiar, así como a dotar ao centro de medios e recursos para prestar o ensino secundario obrigatorio.”

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Cristina Fernández Davila

Noa Presas Bergantiños

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/11/2023 10:11:38

Cristina Fernández Davila na data 20/11/2023 10:21:33

Noa Presas Bergantiños na data 20/11/2023 10:21:57





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 20/11/2023 10:22:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputados **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á urxente necesidade de regular o baleirado dos encoros da súa competencia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan Hidrolóxico de Galiza-Costa 2021-27 entrou en vigor o pasado 10 de febreiro como un instrumento de planificación que “permitirá velar pola calidade de todos os ríos que nacen e morren na comunidade, das augas costeiras asociadas e das augas de transición”.

Nomeadamente, o seu artigo 50, Medidas de xestión de aproveitamentos hidráulicos, no seu punto 5 recolle:

“Augas de Galiza poderá condicionar a explotación dos encoros cando se considere que poida perigar a seguridade da presa, as persoas e bens situados augas abaixo ou se poidan provocar alteracións na calidade da auga.

Neste último caso terase en conta que as ditas alteracións de calidade poidan:

- Ameazar a subministración a usos prioritarios, en particular, o abastecemento a poboacións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Provocar danos á fauna e flora, en particular ás poboacións de peixes e especies protexidas.

– Provocar un empeoramento do estado da masa de auga ou o cumprimento dos obxectivos ambientais”.

O artigo 4 da Lei 9/2010, de Augas de Galiza, recolle:

“No marco da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galiza, correspóndelle á Comunidade Autónoma de Galiza:

1. Nas augas incluídas nas concas hidrográficas intracomunitarias a competencia exclusiva, que inclúe:

a) A ordenación administrativa, a planificación e a xestión das augas de superficie e subterráneas, dos usos e aproveitamentos hidráulicos, así como das obras hidráulicas que non estean cualificadas de interese xeral.

b) A planificación e a adopción de medidas e instrumentos específicos de xestión e protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos e terrestres vinculados á auga.

...”

Esta, pois, entre moita outra lexislación, avala que a Xunta de Galiza é a Administración que debe, non só velar polo correcto funcionamento dos encoros, senón tamén garantir que ese funcionamento non teña incidencia sobre as persoas, sobre os bens e sobre a calidade da auga.

Ao igual que xa ocorrera a primeiros deste mesmo ano, no último mes tivo lugar unha inxente mortalidade de marisco en moitas das rías galegas. O Goberno galego





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

achácao fundamentalmente á gran cantidade de precipitacións producidas, sen nomear en ningún momento que a situación de debilidade fundamentalmente dos bivalvos xa era preexistente e sen avanzar cales van ser as medidas que vai tomar a ese respecto.

Efectivamente, parece que a cantidade de auga caída puido influír na baixada da salinidade das augas, mais nalgúns casos existen probas incluso gráficas de baleirado de encoros coincidindo coa baixamar e que, polo tanto, puideron ter intensificado esa baixada de salinidade, ademais de arrastrar e danar gravemente bancos marisqueiros.

E diante de todo isto, igual que aconteceu coa mortalidade masiva a primeiros de ano, o único certo é que á reiterada petición do sector e deste Grupo Parlamentar do establecemento dun procedemento regrado para o baleirado dos encoros, o Grupo Parlamentario Popular vota en contra sistematicamente e a Consellería do Mar nega, tamén reiteradamente, que os desaugamentos veñan repercutindo nos episodios de mortalidade que tiveron lugar tanto no ano 2021 como neste 2023, xa por dúas veces.

Por que votar en contra dun protocolo que melloraría as accións de baleirado e trataría de evitar efectos negativos ao sector marisqueiro? Por que negar unha e outra vez, sen ter presentado nunca estudos que o demostren, que os baleirados non acrecentan as posibilidades de mortalidade do marisco e de destrución dos bancos marisqueiros?

Os mariscadores e mariscadoras de moitas das nosas rías están sumidos na impotencia e na desesperación por mor de ver arrasado o seu traballo, de ver que se achega a campaña do nadal, na que os ingresos que obteñen soen ser os máis importantes do ano, pero sobre todo, de ver que non teñen porta á que chamar, que a Administración desenténdese das súas obrigas e non dá ningunha vía de solución á





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

gravidade da situación actual, que xa é repetida e precedida por outras ocasións nas que tampouco se actuou.

É fundamental que o sector, vido a menos pola falta de apoio decidido da Xunta de Galiza, perciba que se dan pasos para tentar paliar a situación e mitigar as súas consecuencias.

É imprescindible que o Goberno galego, nomeadamente a Consellaría do Mar se poña do seu lado, que avance na súa protección social e económica cando non hai outra vía, pero que antes de chegar a paros ou ceses de actividade, dea conta dos estudos que se realizan, das causas que producen a mortalidade, e, sobre todo, que tome medidas para evitar que se volvan a producir.

A esta altura, pois, faise absolutamente necesario que a Xunta de Galiza regule o baleirado dos encoros, como medida de protección e tamén de prevención de posíbeis males maiores. Esa regulación permitiría modular os baleirados, aseguraría que as empresas eléctricas non actuasen só mirando os seus beneficios e mesmo podería incluír un resarcimento de danos se non se actúa conforme ao que se estableza.

É moita hora de exercer as competencias exclusivas, tanto no referido ás augas das concas hidrográficas intracomunitarias como no relativo ao marisqueo, de proceder en todo momento de xeito transparente, de regular, vixiar e sancionar todo aquilo que poida intervir negativamente na calidade da auga das rías e na actividade pesqueira e marisqueira.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1. Determinar, dar a coñecer e informar directamente ao sector marisqueiro e ás confrarías das causas da mortalidade masiva de marisco ocorrida no último mes.
2. Adoptar todas as medidas que estean na súa man para evitar episodios semellantes entre as que, inexcusabelmente, debe figurar a regulación mediante protocolo do baleirado dos encoros da súa competencia de xeito inmediato, priorizando a calidade das augas e a actividade produtiva das rías.”

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2023

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 20/11/2023 10:33:13

Daniel Castro García na data 20/11/2023 10:33:17





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 20/11/2023 10:33:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputados **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á suspensión do palangre e o enmalle da prohibición da CE ás artes de fondo no Atlántico nororiental e o rexeitamento a posíbeis ampliacións de zonas vetadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As 87 zonas vedadas á pesca de artes de fondo en augas do Estado español, Portugal, Francia e Irlanda hai xa máis dun ano, foron froito dunha decisión da Unión Europea que se tomou sen informes científicos e socioeconómicos sobre o seu impacto e que supuxeron o absoluto rexeitamento da frota.

A norma que se vén aplicando faise sobre todas as artes que teñen contacto cos fondos mariños aínda que os datos nos que está baseada son fundamentalmente obtidos do impacto das artes móbiles, como o arrastre. Finalmente a arte estática do palangre foi, aínda sendo máis selectiva, a que acabou máis afectada.

Os distintos estudos realizados nestes meses corroboran o que a frota xa anticipara e ratifican os importantes prexuízos que se veñen causando ao sector e ás actividades, directa e indirectamente, relacionadas con el.

O Comité Científico, Técnico e Económico da Pesca (STECF), asesor da CE, publicou no verán pasado o ditame sobre o impacto das vedas. Nel, aínda que se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recoñecen limitacións, recóllese que a frota do Estado español é a máis afectada, cunhas perdas que se situarían entre os 13 e os 16 millóns de euros ao ano.

Nas últimas semanas tamén se fixo público o levado a cabo polo IEO, centrado nos caladoiros do Cantábrico, Galiza e o Golfo de Biscaia, que aporta novos datos e que certifica o enorme impacto que están a ter sobre a frota do palangre as vedas impostas por Bruxelas.

Diante da posíbel ampliación das zonas vedadas, propostas polo Consello Internacional para a Exploración do Mar (ICES) á Comisión, o sector insiste en facer evidente que continúan sen existir nin probas científicas sólidas nin tampouco estudos do impacto social que terían novas medidas dese tipo. Así, a FNCP reiterou recentemente ao comisario de Pesca que o veto á pesca de fondo emprega só datos das artes móbiles e non do palangre.

Olalla Rodil Fernández na data 23/11/2023 13:03:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o funcionamento consello de Bioética de Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello de Bioética de Galicia configúrase como un órgano colexiado de carácter permanente, consultivo, interdisciplinar e independente que ten como finalidade asesorar, nos aspectos éticos da práctica sanitaria do Sistema de saúde de Galicia, as entidades, organizacións e institucións de carácter sanitario, tanto públicas como privadas, e ser foro de referencia do debate bioético na sociedade galega.

O obxectivo deste consello é velar pola protección dos dereitos fundamentais no ámbito sanitario galego, e entre as súas funcións están asesorar e orientar á Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde en materia de bioética, emitir informes e realizar estudos sobre as cuestións de bioética que lle sexan suxeridas ou que considere de interese para a comunidade sanitaria galega a Consellería de Sanidade, ser órgano de referencia en materia de bioética para os Comités de Ética Asistencial ou colaborar na elaboración e harmonización de normas e protocolos de actuación que atinxen a cuestións bioéticas, promover, no ámbito sanitario, a formación e a consideración da bioética como criterio de calidade e boa práctica profesional, contribuír á información e favorecer o debate da cidadanía sobre as dimensións éticas e sociosanitarias da práctica





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

asistencial, calquera outra que lle fose encomendada pola persoa titular da Consellería con competencias en materia de sanidade.

A pesares da relevancia das funcións recoñecidas, sorprende o desleixo e a desconsideración mostrada cara a mesma por parte do Goberno galego, ao non solicitarlle informes, ou ser ignorada en cuestións que están dentro das súas competencias: Guía Técnica Asistencial da Prestación de Axuda Médica para Morrer, protocolo sobre o procedemento para a realización da prestación de axuda para morrer, decreto 101/2021, do 8 de xullo, polo que se crea a Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia da Comunidade Autónoma de Galicia, Estratexia para a xestión do cancro en Galicia, Estratexia galega de saúde comunitaria de Atención Primaria, plan de atención domiciliaria, plan estratéxico de transformación e saúde dixital 2023-2026, posta en marcha e pilotaxe do sistema XIDE, decreto de Sanidade Mortuoria de Galicia, a aprobación da Estratexia Galega de Saúde 2023-2030 ou o recente nomeamento pola Xunta do Consello Asesor sobre o uso ético da Intelixencia Artificial para o que non se contou coa Comisión Galega de Bioética.

A isto hai que engadir a desconsideración con propostas que ten realizado, a demora, ou non contestación, a comunicacións realizadas; en paralelo asistimos ao longo do tempo a renuncias de membros do mesmo, na actualidade están sen nomear varios, e funciona sen presidencia dende hai máis dun ano.

Todo o descrito evidencia que por parte da Xunta non lle está outorgando ao Consello de Bioética de Galicia o papel de referente da bioética en Galiza, razón pola cal o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a realizar todas as actuacións precisas para que a O Consello de Bioética de Galicia funcione con independencia e sin inxerencias por parte da Consellaría de Sanidade, e a solicitar e ter en conta o seu papel en todas as función establecidas na *ORDE do 16 de outubro de 2015 pola que se regulan as funcións, a composición e o funcionamento do Consello de Bioética de Galicia.*”

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 23/11/2023 16:17:29

Iria Carreira Pazos na data 23/11/2023 16:22:14

Olalla Rodil Fernández na data 23/11/2023 16:22:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Alexandra Fernández Gomez**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia**, sobre as inundacións do Concello de Neda.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola situación de emerxencia que están a atravesar o número importante do veciños e veciñas do Concello de Neda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na noite entre luns 13 e martes 14 de novembro os ríos Basteiro e Belelle desbordáronse ao seu paso polo Concello de Neda. Houbo, por causa das abundantes e continuas chuvias, moitas incidencias en todo o Concello, mais na zona de Sta María de Neda ao redor de 30 casas afectadas e algún negocio foron atravesadas polo que algún veciño chegou a denominar de tsunami.

A auga entrou nas casas coa forza dun torrente despois de cruzar a estrada xeral, arrastrando todo tipo de elementos e mesmo animais, chegando a unha altura que superou o metro e medio. O nivel dos prexuízos é moi elevado até o punto de manifestar algunhas das persoas afectadas que perderon todo por completo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Algúns dos veciños quéixanse de que levan anos advertindo da necesidade de limpar o río, outros de que tiveron que abrir algún tipo de presa no río para que o volume e a velocidade da auga chegara a ser a que foi, as hipóteses son variadas para explicar o que pasou mais aínda non existe unha versión oficial ou definitiva.

Mentres tanto cada unha das persoas avanza na limpeza e retirada de elementos arruinados como pode para refacer a súa vida, dando parte ao seguro quen o ten, e sen moita axuda por parte do Concello nin da Xunta de Galiza, titular dos ríos, responsábel de manter as bacías en bo estado e responsábel do deseño de todo o sistema de previsión e actuación ante o risco de inundación.

De feito a zona entre os ríos Basteiro e Beelle figura como ARPSI, área de risco potencial significativo de inundación, tanto fluvial como costeira, no vixente Plan xeral de riscos de inundación aprobado por Real decreto 27/2023 do 17 de xaneiro, clasificada no seu apéndice I do anexo II como de Risco alto con propostas específicas de actuación.

A situación actual das persoas afectadas polas inundacións é unha mestura de desconcerto e desamparo, sen máis certeza que os numerosos problemas económicos e burocráticos que van ter que sortear para recuperar a súa vida tal e como era antes de que o torrente a atravesara por completo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a constituír de urxencia un Fondo de axuda para as persoas afectadas polas inundacións no Concello de Neda coas seguintes características:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Fondo sufragará a compra de mobiliario, electrodomésticos e roupa necesarios para restituír os perdidos polas inundacións, así como as obras de reparación necesarias nas vivendas e fincas.

O Fondo adiantará os importes dos custes de reposición e reparación coa presentación dun orzamento, coa obriga posterior de xustificar o gasto coa presentación da correspondente factura.

O Fondo poderá recuperar todo ou parte do diñeiro adiantado cando os seguros ou CCS das persoas afectadas fagan efectivo o pago das indemnizacións polos mesmos conceptos que previamente adiantou o fondo. O diñeiro reclamado ás persoas afectadas nunca poderá superar o cobrado por parte dos seguros ou CCS.

A xestión do Fondo corresponderá a persoal da Consellería de Infraestruturas e mobilidade na que está adscrito o organismo Augas de Galiza, que visitará de urxencia o lugar dos feitos para reunirse coas persoas afectadas e concretar con elas os pormenores do funcionamento deste Fondo.”

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 24/11/2023 13:43:06

Paulo Ríos Santomé na data 24/11/2023 13:43:11

Alexandra Fernández Gómez na data 24/11/2023 13:43:34

Xosé Luis Bará Torres na data 24/11/2023 13:43:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa ás medidas a tomar diante da convocatoria de folga de teleoperadores/as e locutores/as do 061.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia motívase na necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes diante da convocatoria de folga de teleoperadores/as e locutores/as do 061.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Teleoperadores/as e locutores/as del 061 teñen convocados, desde o 25 de novembro, paros parciais no servizo diante dos incumprimentos reiterados por parte da concesionaria do servizo de operación telefónica “Fidelis Servicios Integrales”, do grupo Servizo Móvil.

O cadro de persoal leva tempo denunciando o incumprimento do convenio colectivo, en especial o artigo 25, facendo coincidir nas quendas de traballo a persoas que non teñen a experiencia necesaria establecida no contrato o que provoca que o persoal con máis experiencia teña que asumir unha sobrecarga de traballo moi





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

importante, o que pode traducirse en consecuencias para a atención prestada, e fan ver que non existen elementos que expliquen esta decisión e que nunca sucedera até agora.

Diante da denuncia presentada polas/os representantes das/os traballadoras/es, polo incumprimento do convenio, diante da Inspección de Traballo, esta ditou resolución requirindo á empresa á aplicación inmediata do mesmo. A empresa non só non procedeu a acatalo, senón que ameazou coa modificación substancial das condicións de traballo da maior parte do cadro de persoal que de efectivizarse suporía máis precarización e un deterioro moi importante da prestación do servizo

A Fundación Pública Urgencias Sanitarias 061 é a responsábel da externalización do servizo na empresa privada Fidelis Servicios Integrales, non pode desentenderse dos incumprimentos da mesma co seu cadro de persoal, ten a obriga de garantir que se cumpra o convenio.

A todo isto hai que sumar a fixación duns servizos mínimos por parte da Xunta do 100% do cadro de persoal, para os paros convocados. Esta decisión supón na práctica vulnerar o dereito á folga das/os traballadoras/es, ademais de poñer de manifesto a insuficiencia do cadro de persoal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Esixirlle á empresa “Fidelis Servicios Integrales”, do grupo Servizo Móvil, concesionaria da prestación do servizo de operación telefónica do 061, o cumprimento do convenio de centros de chamadas, en especial o seu artigo 25.

2.- Garantir o dereito á folga do cadro de persoal, e polo tanto rectificar o decreto de fixación de servizos mínimos, xa que a fixación desproporcionada do 100% do cadro de persoal, impide na práctica o dereito á folga.”

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 27/11/2023 16:57:05

Iria Carreira Pazos na data 27/11/2023 16:57:10

Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2023 16:57:20





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Paula Prado del Río, Adrián Pardo López, Marisol Díaz Mouteira, Felisa Rodríguez Carrera, Ana Belén García Vidal, Noelia Pérez López e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

O recente acordo asinado entre o PSOE e Junts recolle algúns acordos de difícil encaixe constitucional e que supoñen un ataque grave á separación de poderes e ao Estado de Dereito.

Un destes puntos conflitivos que recolle o acordo é o seguinte: "A Lei de Amnistía, para procurar a plena normalidade política, institucional e social como requisito imprescindible para abordar os retos do futuro inmediato. Esta lei debe incluír tanto aos responsables como aos cidadáns que, antes e despois da consulta de 2014 e do referendo de 2017, foron obxecto de decisións ou procesos xudiciais vinculados a estes eventos. Neste sentido, as conclusións das comisións de investigación que se constituirán na próxima lexislatura teranse en conta na aplicación da lei de amnistía na medida que puidesen derivarse situacións comprendidas no concepto lawfare ou xudicialización da política, coas consecuencias que, no seu caso, poidan dar lugar a accións de responsabilidade ou modificacións lexislativas".

Isto foi rexeitado de plano por todas as asociacións de xuíces de España (Asociación Profesional de la Magistratura, Asociación Judicial Francisco de Vitoria, Juezas y Jueces para la Democracia y Foro Judicial Independiente) onde mostran o seu rexeitamento polas referencias ao "lawfare ou xudicialización da política" e as súas consecuencias.

Tamén alertan de que o "texto do acordo alcanzado contén explícitas referencias á posibilidade de desenvolver comisións de investigación en sede parlamentaria a fin de determinar a presenza de situacións de xudicialización da política, coas consecuencias que, no seu caso puidesen dar lugar a accións de responsabilidade ou modificacións lexislativas".

O que para as asociacións supoñería na práctica someter a revisión parlamentaria os procedementos e decisións xudiciais con evidente intromisión na independencia xudicial e quebra da separación de poderes.





En liñas moi similares mostrouse tamén a Comisión Permanente do Consello Xeral do Poder Xudicial que se opón de maneira frontal a este punto do acordo xa que "implica potencialmente someter a revisión parlamentaria decisións enmarcadas na exclusividade do ámbito competencial dos nosos Tribunais que, doutra banda, entendemos producíronse de forma plenamente acorde coa legalidade entón axuizada. Por todo iso, a iniciativa apuntada implicaría unha inadmisíbel inxerencia na independencia xudicial e un flagrante atentado á separación de poderes".

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia acorda, como Resolución, o rexeitamento frontal a calquera recoñecemento ou insinuación da existencia de *lawfare* ou persecución xudicial por motivos ideolóxicos na Xustiza española e rexeita, igualmente, a revisión de resolucións xudiciais no ámbito parlamentario por supoñer un ataque ao Estado de Dereito e á separación de poderes consagrada na Constitución española”.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 16/11/2023 18:29:24

Paula Prado del Río na data 16/11/2023 18:29:38

Pardo López, Adrián na data 16/11/2023 18:29:48

María Sol Díaz Mouteira na data 16/11/2023 18:30:00

María Felisa Rodríguez Carrera na data 16/11/2023 18:30:19

Ana Belén García Vidal na data 16/11/2023 18:30:31

Noelia Pérez López na data 16/11/2023 18:30:48

Katherinie Varela Fernández na data 16/11/2023 18:31:01

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

O desmantelamento dos servizos de Atención Primaria no concello de Viveiro véñense padecendo e denunciando dende hai moitos anos. O centro de saúde e o PAC de Viveiro sofren dende hai moito tempo os 14 anos de recortes na sanidade por parte do Goberno Popular na Xunta de Galicia.

O Centro de Saúde de Viveiro, como tantos outros da provincia de Lugo e do resto de Galicia son o exemplo do ataque, que a Xunta de Galicia, fai cara á Atención Primaria, base do sistema asistencial para construír unha sanidade próxima e de calidade.

Só por poñer algúns exemplos, que demostran que se trata dun problema estrutural e non puntual, a falla de médicos neste centro de saúde:

- No verán do ano 2018, moitos dos pacientes da quenda de tarde quedaban sen atender por falta de médicos neste centro, xa que dos tres médicos que traballan nesa quenda en moitas ocasións só había un. Ademais na quenda da mañá, sen cubrir todo o verán dúas prazas de médicos. O que amosa unha política irresponsable de non cubrir o persoal.
- A finais de 2019 os pacientes denunciaban que tardaban semanas en coñecer os resultados de probas e análíticas posto que, aínda que tiñan citas concertadas, non había médicos substitutos e as mesmas citas eran anuladas.
- Ao longo de 2021 foron numerosas as ocasións en que dos 7 médicos da quenda da mañá só había 2 nesta quenda e outro para as urxencias. Ao longo do verán, na quenda de tarde, que conta con 3 médicos, houbo días en que non había ningún persoal facultativo.



- En xaneiro de 2022, en plena sexta ola da covid-19, o caso chegou ata un punto tan caótico que durante varios días este centro de saúde chegou a contar só cun único médico, para tender a case 16.000 veciños e veciñas.

Esta é a política da Xunta de Galicia para coa Atención Primaria; non cubrir baixas, nin vacacións, nin excedencias, nin xubilacións. Dende hai moitos anos dende o Concello de Viveiro, os profesionais sanitarios e os usuarios deste centro de saúde levan denunciando a falta de medios humanos e materiais e pedindo que se cubran estas baixas e se poñan os medios suficientes para ter unha Atención Primaria de calidade que así o merecen os pacientes, pero tamén para ter unhas condicións dignas para os seus profesionais xa que en moitos momentos teñen que atender unha media diaria de 90 a 100 pacientes.

Na actualidade a situación é insostible, sen servizo de pediatría dende o mes de decembro, só con algúns parches, e cómpre recordar que este servizo debe de atender ademais dos nenos e nenas de Viveiro tamén aos dos concellos veciños de Ourense e O Vicedo, cuxos centros de saúde tamén sofren problemas de falta de persoal. E só con dous médicos na quenda de mañá, que só poden atender as urxencias.

Cómpre recordar tamén que o Sergas ten sen cubrir dende hai anos varios postos neste centro de saúde, como son os de Coordinación de Enfermaría, Xefe de Servizo e Xefe de Admisión.

Por todo o antedito, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dotar de medios humanos e materiais necesarios e suficientes ao Centro de Saúde de Viveiro, para que teña a capacidade asistencial que ten asignada e recupere os servizos que foron suprimidos ou minguados nos últimos tempos.

Parlamento de Galicia, 17 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

229719

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2023 12:00:07
Nº Rexistro: 62414
Data envío: 17/11/2023 12:00:07.960

Patricia Otero Rodríguez na data 17/11/2023 11:55:17

Julio Torrado Quintela na data 17/11/2023 11:55:35

Marina Ortega Otero na data 17/11/2023 11:55:45

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/11/2023 11:55:56

CSV: BOPGDSPG-02RrVNahP-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
229720

@PSdeG



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Rosalía López Sánchez, Noelia Pérez López, Corina Porro Martinez, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago e Raquel Arias Rodríguez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos:

As cifras son negras en España, 388 menores orfos por mor da violencia de xénero. O cuarto eixo sobre o que pivotan as medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero baséase na intensificación da asistencia e protección dos menores. A protección específica dos e das menores parte do seu recoñecemento como vítimas directas e leva aparelhada a necesidade de ampliar e mellorar as medidas dirixidas á súa asistencia e protección coa implantación de novas prestacións nos casos de orfandade como consecuencia da violencia de xénero; de revisar as medidas civís relativas á custodia dos menores; e de fomentar as actuacións de reforzo no ámbito educativo.

Será preciso asegurar que en cada avaliación haxa unha participación activa das vítimas superviventes e dos seus familiares para coñecer os obstáculos que deben afrontar así como adoitar medidas axeitadas para atender as súas necesidades.

Moitas veces tras a desgraza acontecida ata o máis mínimo trámite administrativo, convértese nunha xesta afrontada en soidade. Por exemplo:



- O cambio de apelidos dos menores: medida contemplada no Pacto de Estado que será necesario conseguir a través do xulgado, contempla o feito de cambiar a orde dos apelidos, o da nai primeiro e logo o do pai, mais non quitar definitivamente o apelido do asasino.
- A tramitación das pensións de orfandade dende o Estado resulta demasiado complicada.
- Os trámites de defunción resultan demasiado complicados máxime nunha situación como esta.
- Outros asuntos de índole doméstica pódense complicar ata o absurdo. Por exemplo: a casa da persoa asasinada é unha herdanza e pasa aos fillos mais a parte do asasino sae a poxa pública. Nesta poxa poderá puxar calquera persoa co que se podería dar o caso de que a metade da casa pase a ser dos nenos e a outra metade dun descoñecido.

Por todo isto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei :

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para que dando cumprimento ao exposto no cuarto eixo do Pacto de Estado en relación á protección dos menores:

- Simplifique e axilice os trámites para facilitar o cambio de apelido dos menores, a inversión dos apelidos ou no seu defecto pasar a ter só os apelidos da nai.
- Asesore e acompañe na realización dos trámites de defunción, mais concretamente:





Certificado médico de defunción, que deberá presentarse no Rexistro Civil dentro das 24 horas seguintes á defunción.

Informe á Seguridade Social.

Notificación ás entidades bancarias

Testamento ou declaración de herdeiros

Certificado de Actos de Última Vontade

Certificado de contratos de seguros de cobertura por falecido.

- Simplifique os trámites para o cobro da pensión de orfandade.

-Facilite e priorice a adquisición da totalidade do domicilio familiar aos fillos asegurando así a permanencia no mesmo fogar, ou a súa venda no seu caso”.

Santiago de Compostela, 17 de novembro 2023.

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 17/11/2023 14:15:47

López Sánchez, Rosalía na data 17/11/2023 14:16:07

María Corina Porro Martínez na data 17/11/2023 14:16:27

Noelia Pérez López na data 17/11/2023 14:16:43

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 17/11/2023 14:16:55

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/11/2023 14:17:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Raquel Arias Rodríguez na data 17/11/2023 14:17:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e das deputadas **Cristina Fernández Davila** e **Noa Presas Bergantiños** e, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a ampliación do CEIP “Ben Cho Shey” no Pereiro de Aguiar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Pereiro de Aguiar é un dos concellos de Ourense que conta cunha poboación infantil máis elevada e nos que tamén é o número de nacementos é máis alto. Nos últimos 5 anos á poboación menor de 14 anos sempre foi superior a 830 habitantes, practicamente triplicando a tiña hai apenas dúas dúas décadas. Evolución significativa en relación á da provincia de Ourense, que non só padece o devalo da súa poboación, senón que esta inmersa nun preocupante proceso de avellentamento.

O concello do Pereiro de Aguiar, dende hai anos é o sexto de toda a provincia en número de nacementos.

O único centro educativo público do concello do Pereiro de Aguiar é o CEIP “Ben Cho Shey”, que atende non só ao alumnado do propio concello, senón tamén a de concellos limítrofes, polo que a día de hoxe os recursos cos que conta son claramente insuficientes.

Actualmente existen, tanto aulas de infantil como de primaria que sobrepasan os 20 alumnos/as; algo que mesmo incumpriría o acordo asinado pola Xunta de Galiza con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

algúns sindicatos que establecían os rateos de alumnos/as por aula en 25 e 20, en educación primaria e infantil, respectivamente.

A carencia de aulas impide o cumprimento do establecido no art. 10 do Decreto 132 de 2010, que exige que os centros de educación primaria deberán contar cun espazo por cada 6 unidades para desdobramentos e actividades de apoio e reforzo pedagóxico.

Asemade esa ausencia de espazo impide que o alumnado poda dispor de aulas específicas para música, informática ou inglés con recursos e materiais que permitan o desenvolvemento da súas habilidades e capacidades, e fomente a creatividade e estimule e potencie distintos valores.

Como ficou sinalado a evolución demográfica no concello do Pereiro de Aguiar, que lonxe de ser episódica ou debida a un feito illado, é sostida ao longo dos últimos anos, nos que o número de nacementos é dos máis elevados da provincia de Ourense; exige da Xunta de Galiza o incremento dos recursos e servizos públicos, tanto de transporte, como sanitarios, sociais ou educativos.

O certo é que, actualmente, tampouco en materia educativa a Xunta de Galiza atende as necesidades da poboación deste importante concello, pois o único centro de ensino público existente carece de espazo abondo para atender as necesidades educativas e potenciar o desenvolvemento integral do alumnado e recibir unha formación inclusiva e de calidade. Tampouco existe a posibilidade de continuar o ensino obrigatorio nun centro público do concello, tendo que optar polo ensino concertado ou por desprazarse fora do concello.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a ampliación do número de aulas do CEIP “Ben Cho Shey” do Pereiro de Aguiar, así como a dotar ao centro de medios e recursos para prestar o ensino secundario obrigatorio.”

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2023

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Cristina Fernández Davila

Noa Presas Bergantiños

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/11/2023 10:11:08

Cristina Fernández Davila na data 20/11/2023 10:21:38

Noa Presas Bergantiños na data 20/11/2023 10:21:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 20/11/2023 10:22:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputados **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, relativa á urxente necesidade de regular o baleirado dos encoros da súa competencia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan Hidrolóxico de Galiza-Costa 2021-27 entrou en vigor o pasado 10 de febreiro como un instrumento de planificación que “permitirá velar pola calidade de todos os ríos que nacen e morren na comunidade, das augas costeiras asociadas e das augas de transición”.

Nomeadamente, o seu artigo 50, Medidas de xestión de aproveitamentos hidráulicos, no seu punto 5 recolle:

“Augas de Galiza poderá condicionar a explotación dos encoros cando se considere que poida perigar a seguridade da presa, as persoas e bens situados augas abaixo ou se poidan provocar alteracións na calidade da auga.

Neste último caso terase en conta que as ditas alteracións de calidade poidan:

- Ameazar a subministración a usos prioritarios, en particular, o abastecemento a poboacións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Provocar danos á fauna e flora, en particular ás poboacións de peixes e especies protexidas.

– Provocar un empeoramento do estado da masa de auga ou o cumprimento dos obxectivos ambientais”.

O artigo 4 da Lei 9/2010, de Augas de Galiza, recolle:

“No marco da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galiza, correspóndelle á Comunidade Autónoma de Galiza:

1. Nas augas incluídas nas concas hidrográficas intracomunitarias a competencia exclusiva, que inclúe:

a) A ordenación administrativa, a planificación e a xestión das augas de superficie e subterráneas, dos usos e aproveitamentos hidráulicos, así como das obras hidráulicas que non estean cualificadas de interese xeral.

b) A planificación e a adopción de medidas e instrumentos específicos de xestión e protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos e terrestres vinculados á auga.

...”

Esta, pois, entre moita outra lexislación, avala que a Xunta de Galiza é a Administración que debe, non só velar polo correcto funcionamento dos encoros, senón tamén garantir que ese funcionamento non teña incidencia sobre as persoas, sobre os bens e sobre a calidade da auga.

Ao igual que xa ocorrera a primeiros deste mesmo ano, no último mes tivo lugar unha inxente mortalidade de marisco en moitas das rías galegas. O Goberno galego





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

achácao fundamentalmente á gran cantidade de precipitacións producidas, sen nomear en ningún momento que a situación de debilidade fundamentalmente dos bivalvos xa era preexistente e sen avanzar cales van ser as medidas que vai tomar a ese respecto.

Efectivamente, parece que a cantidade de auga caída puido influír na baixada da salinidade das augas, mais nalgúns casos existen probas incluso gráficas de baleirado de encoros coincidindo coa baixamar e que, polo tanto, puideron ter intensificado esa baixada de salinidade, ademais de arrastrar e danar gravemente bancos marisqueiros.

E diante de todo isto, igual que aconteceu coa mortalidade masiva a primeiros de ano, o único certo é que á reiterada petición do sector e deste Grupo Parlamentar do establecemento dun procedemento regrado para o baleirado dos encoros, o Grupo Parlamentario Popular vota en contra sistematicamente e a Consellería do Mar nega, tamén reiteradamente, que os desaugamentos veñan repercutindo nos episodios de mortalidade que tiveron lugar tanto no ano 2021 como neste 2023, xa por dúas veces.

Por que votar en contra dun protocolo que melloraría as accións de baleirado e trataría de evitar efectos negativos ao sector marisqueiro? Por que negar unha e outra vez, sen ter presentado nunca estudos que o demostren, que os baleirados non acrecentan as posibilidades de mortalidade do marisco e de destrución dos bancos marisqueiros?

Os mariscadores e mariscadoras de moitas das nosas rías están sumidos na impotencia e na desesperación por mor de ver arrasado o seu traballo, de ver que se achega a campaña do nadal, na que os ingresos que obteñen soen ser os máis importantes do ano, pero sobre todo, de ver que non teñen porta á que chamar, que a Administración desenténdese das súas obrigas e non dá ningunha vía de solución á





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

gravidade da situación actual, que xa é repetida e precedida por outras ocasións nas que tampouco se actuou.

É fundamental que o sector, vido a menos pola falta de apoio decidido da Xunta de Galiza, perciba que se dan pasos para tentar paliar a situación e mitigar as súas consecuencias.

É imprescindible que o Goberno galego, nomeadamente a Consellaría do Mar se poña do seu lado, que avance na súa protección social e económica cando non hai outra vía, pero que antes de chegar a paros ou ceses de actividade, dea conta dos estudos que se realizan, das causas que producen a mortalidade, e, sobre todo, que tome medidas para evitar que se volvan a producir.

A esta altura, pois, faise absolutamente necesario que a Xunta de Galiza regule o baleirado dos encoros, como medida de protección e tamén de prevención de posíbeis males maiores. Esa regulación permitiría modular os baleirados, aseguraría que as empresas eléctricas non actuasen só mirando os seus beneficios e mesmo podería incluír un resarcimento de danos se non se actúa conforme ao que se estableza.

É moita hora de exercer as competencias exclusivas, tanto no referido ás augas das concas hidrográficas intracomunitarias como no relativo ao marisqueo, de proceder en todo momento de xeito transparente, de regular, vixiar e sancionar todo aquilo que poida intervir negativamente na calidade da auga das rías e na actividade pesqueira e marisqueira.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1. Determinar, dar a coñecer e informar directamente ao sector marisqueiro e ás confrarías das causas da mortalidade masiva de marisco ocorrida no último mes.
2. Adoptar todas as medidas que estean na súa man para evitar episodios semellantes entre as que, inexcusabelmente, debe figurar a regulación mediante protocolo do baleirado dos encoros da súa competencia de xeito inmediato, priorizando a calidade das augas e a actividade produtiva das rías.”

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2023

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 20/11/2023 10:32:28

Daniel Castro García na data 20/11/2023 10:33:28





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 20/11/2023 10:33:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputados **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, relativa á suspensión do palangre e o enmalle da prohibición da CE ás artes de fondo no Atlántico nororiental e o rexeitamento a posíbeis ampliacións de zonas vetadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As 87 zonas vedadas á pesca de artes de fondo en augas do Estado español, Portugal, Francia e Irlanda hai xa máis dun ano, foron froito dunha decisión da Unión Europea que se tomou sen informes científicos e socioeconómicos sobre o seu impacto e que supuxeron o absoluto rexeitamento da frota.

A norma que se vén aplicando faise sobre todas as artes que teñen contacto cos fondos mariños aínda que os datos nos que está baseada son fundamentalmente obtidos do impacto das artes móbiles, como o arrastre. Finalmente a arte estática do palangre foi, aínda sendo máis selectiva, a que acabou máis afectada.

Os distintos estudos realizados nestes meses corroboran o que a frota xa anticipara e ratifican os importantes prexuízos que se veñen causando ao sector e ás actividades, directa e indirectamente, relacionadas con el.

O Comité Científico, Técnico e Económico da Pesca (STECF), asesor da CE, publicou no verán pasado o ditame sobre o impacto das vedas. Nel, aínda que se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recoñecen limitacións, recóllese que a frota do Estado español é a máis afectada, cunhas perdas que se situarían entre os 13 e os 16 millóns de euros ao ano.

Nas últimas semanas tamén se fixo público o levado a cabo polo IEO, centrado nos caladoiros do Cantábrico, Galiza e o Golfo de Biscaia, que aporta novos datos e que certifica o enorme impacto que están a ter sobre a frota do palangre as vedas impostas por Bruxelas.

Diante da posíbel ampliación das zonas vedadas, propostas polo Consello Internacional para a Exploración do Mar (ICES) á Comisión, o sector insiste en facer evidente que continúan sen existir nin probas científicas sólidas nin tampouco estudos do impacto social que terían novas medidas dese tipo. Así, a FNCP reiterou recentemente ao comisario de Pesca que o veto á pesca de fondo emprega só datos das artes móbiles e non do palangre.

De novo, corremos o risco de que se estendan novas zonas de veda caendo nos mesmos erros que levan provocado xa tantas perdas económicas e mesmo recursos xudiciais contra decisións que non foron avaladas por ningún tipo de informe.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a esixir ao Goberno do Estado e á Unión Europea

1- Á vista dos informes existentes, a suspensión inmediata do veto ás artes fixas como o palangre e o enmalle.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2- O firme rexeitamento de calquera posíbel ampliación das zonas vedadas sen informes científicos exhaustivos e sen os estudos pertinentes de impacto socioeconómico.

Levar a cabo todas as medidas necesarias para evitar o despezamento de buques e para manter os postos de traballo na frota afectada pola prohibición da CE á pesca de artes de fondo.”

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2023

Asdo.: Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 20/11/2023 10:48:49

Daniel Castro García na data 20/11/2023 10:49:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 20/11/2023 10:50:14





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Moisés Rodríguez Pérez, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Moisés Blanco Paradelo, Susana López Abella, Fernando Pérez Domínguez e Borja Vereza Fraiz** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

Exposición de motivos:

A industria metalúrxica en España, incluíndo a industria galega, está composta na súa maioría por pequenas e medianas empresas no que respecta á fabricación de produtos metálicos. O sector enfróntase a desafíos significativos de fronte ao futuro, como mellorar a competitividade e produtividade mediante a implementación de sistemas tecnolóxicos e de xestión avanzados, así como na transición cara á Industria 5.0.

Para abordar eficazmente estes desafíos, resulta fundamental promover a cooperación empresarial e tecnolóxica, nunha contorna administrativa que favoreza o desenvolvemento das actividades industriais e o investimento.

Neste contexto, o sector do aluminio ten un impacto significativo na economía e un papel destacado na transformación industrial e económica de España. Segundo datos da Asociación Española do Aluminio, a industria do aluminio en España achega máis de 13.000 empregos directos e xera ademais empregos indirectos en toda a cadea de valor, incluíndo actividades como a produción de aluminio primario e secundario ou a transformación e a fabricación de produtos finais. O volume total de aluminio xerado supera os 1.400 Ktn, e os 3.500 millóns de euros.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



A relevancia estrutural do aluminio abarca diversas actividades económicas fundamentais para a nosa vida cotiá, como o transporte, a embalaxe, os bens de uso doméstico e a transmisión eléctrica, o que o coloca á vangarda do desenvolvemento da Economía Circular. Un dato relevante é que aproximadamente o 75% de todo o aluminio xamais producido, equivalente a uns 700 millóns de toneladas, aínda se atopa en uso grazas ao seu prolongado ciclo de vida. No sector do transporte, este material pode perdurar entre 10 e 20 anos, mentres que na construción a súa vida útil pode alcanzar de 50 a 80 anos. Ademais, a súa excelente capacidade de reciclaxe contribúe á súa permanencia no ciclo produtivo.

A reciclaxe do aluminio require só o 5% da enerxía necesaria para a produción primaria, o que implica un menor consumo de recursos naturais e unha redución significativa das emisións de gases de efecto invernadoiro. Por tanto, a contribución potencial do aluminio no cómputo global de redución de emisións sería unha panca para acelerar a transición do continente europeo cara a unha economía circular e contribuíría directamente aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) das Nacións Unidas.

En particular, destaca a súa contribución ao ODS 12 "Consumo e produción responsables", un dos obxectivos, de feito, identificados polo sector do aluminio na súa avaliación de materialidade, ao que o sector estima pode facer unha contribución vital. Actualmente, o aluminio reciclado representa só o 36% da subministración de aluminio metálico en Europa, polo que se antolla necesario fomentar devandito percorrido próximo da industria cara a un escenario máis circular e descarbonizado. De ser así, os países da Unión Europea terían a oportunidade de facer realidade que a mediados deste século, o 50% da demanda de aluminio





da UE poida abastecerse grazas ao aluminio reciclado, se se cumpren certas condicións específicas.

Ao fomentar a industria do aluminio, estaremos a promover a sustentabilidade, a redución de residuos e o impulso dunha economía circular máis robusta en España.

Ademais, impulsar e fortalecer a industria do aluminio en España é fundamental para garantir a independencia económica e a seguridade industrial do país. A dependencia das importacións de aluminio primario pode expoñer á economía española a volatilidades nos prezos internacionais e restricións de subministración. Promover a produción nacional de aluminio non só reducirá a dependencia das importacións, senón que tamén fortalecerá a cadea de subministración e aumentará a resiliencia da industria ante posibles desafíos externos.

Doutra banda, as calidades ambientais e técnicas do aluminio convérteno nun dos metais máis utilizados no ámbito das enerxías renovables. A súa aplicación na fabricación de paneis e estruturas é especialmente destacada. Neste contexto, as empresas que constitúen a contorna de produción e comercialización de aluminio xogan un papel vital á hora de reforzar o liderado de España en materia de enerxías renovables.

Pero para aproveitar todas as oportunidades, é importante ter en conta as barreiras actuais ás que se enfronta o sector. En menos dun ano, os prezos enerxéticos han aumentado nun rango do 200% ao 300%, colocando ás empresas nunha situación cada vez máis complexa e cuxos efectos afectarían ao conxunto da economía do país. No caso do sector do aluminio, os prezos actuais tradúcense nun incremento de máis de 300 millóns de euros na factura enerxética. Ademais, a situación xeopolítica internacional e o impacto da invasión de Ucraína envorcaron máis incerteza no escenario que enfrontan as empresas e que afecta





directamente a España, levando ao sector para enfrontar desafíos superiores e cada vez máis complexos.

En vista desta situación, resulta fundamental adoptar medidas estratéxicas que impulsen o desenvolvemento sostible da industria do aluminio, tanto no ámbito nacional como no europeo. Isto permitirá fortalecer a competitividade do sector para os seus competidores comunitarios e internacionais, reforzar o marco de estabilidade enerxética e avanzar cara a un modelo económico e medioambientalmente responsable.

Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que adopte as seguintes medidas:

1º.-Impulsar unha Estratexia Nacional de Industria Sostible para visibilizar a contribución da industria do aluminio á economía española, recoñecendo a industria galega como un polo de desenvolvemento, innovación e atracción de investimentos.

2º.- Implementar un marco de financiamento que reforce a competitividade das empresas españolas do sector do aluminio no mercado común europeo e no contexto internacional.

3º.-Promocionar a utilización de aluminio reciclado e materiais similares como elementos fundamentais para a transición cara a unha economía circular en futuras modificacións do Código Técnico de Edificación.

4º.- Promover accións de concienciación ante a cidadanía, a través das entidades asociativas do sector da arquitectura, para concienciar sobre a importancia de incorporar o aluminio como panca de impulso da economía circular na edificación”.





Santiago de Compostela, 20 de novembro 2023.

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 20/11/2023 12:05:25

Rodríguez Pérez, Moisés na data 20/11/2023 12:06:09

Cristina Sanz Arias na data 20/11/2023 12:06:20

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





José Antonio Armada Pérez na data 20/11/2023 12:06:36

Moisés Blanco Paradelo na data 20/11/2023 12:06:51

Susana López Abella na data 20/11/2023 12:07:04

Fernando Pérez Domínguez na data 20/11/2023 12:07:14

Borja Vereza Fraiz na data 20/11/2023 12:07:25

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Ángel Rodríguez Conde, José Antonio Armada Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Sanz, Carlos Gómez Salgado, Susana López Abella e Miguel Prado Patiño** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.**

Exposición de motivos:

Galicia é unha Comunidade Autónoma eminentemente rural, así, do total da súa superficie, o 96,5% correspóndese con usos forestais e agrícolas, o que deriva na necesidade de que a Xunta de Galicia dispoña dunha importante estrutura neste ámbito, a cal poida dar resposta ás demandas da súa poboación.

A Consellería do Medio Rural, é o órgano da Administración galega ao que lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno neste ámbito rural, que engloba, entre outras, as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural, montes así como tamén a





prevención e defensa dos incendios forestais.

Nos últimos anos, a Consellería do Medio Rural comezou a execución dunha serie de actuacións que teñen como obxectivo a mellora da calidade dos servizos prestados á cidadanía no ámbito rural. E, entre estas actuacións que actualmente se están a levar a cabo, cómpre salientar a optimización do seu importante despregue físico na xeografía galega, coa que se pretende acadar un salto de calidade en canto ás características e distribución territorial das distintas sedes nas que se prestan os servizos públicos, e que na actualidade acadan un total de aproximadamente 200 localizacións físicas.

A mellora destas localizacións ten como consecuencias:

1. A mellora de calidade nos servizos que a Xunta de Galicia presta á poboación do ámbito rural.
2. A mellora das condicións laborais dos empregados públicos da Xunta de Galicia.
3. A afección positiva sobre a imaxe da Xunta de Galicia.

Dita Consellería do Medio Rural está tamén establecida no territorio mediante a rede asociada á Administración Forestal, que desenvolve as competencias de ordenación e de prevención e extinción de incendios forestais. E para este fin, Galicia está zonificada dende o ano 2000 en 19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





distritos forestais, posuíndo cada un deles unha sede ou base principal así como unha serie de localizacións, denominadas na actualidade como puntos de encontro, nos que se localizan as brigadas do Servizo de Prevención de Incendios Forestais da Xunta de Galicia.

Estes puntos de encontro son tamén obxecto de mellora na actualidade, unha mellora que leva consigo tamén un cambio da súa denominación, do seu concepto e da súa presenza no territorio.

Así, os puntos de encontro asociados á operatividade das brigadas, están a mudarse polas Bases BUO, Bases de Unidades Operativas, un concepto que vai máis alá de ser un simple punto de reunión de bombeiros e bombeiras forestais, pasando a integrar por exemplo a outros profesionais como son os Bombeiros Forestais Condutores de Motobomba ou os Axentes Ambientais.

Ademais da mellora das propias instalacións, a localización xeográfica destas novas Bases BUO busca un despregue estratéxico e máis eficiente sobre o territorio, o que permitirá gañar eficacia e efectividade en canto á prestación dos servizos públicos e á correcta xestión das emerxencias.

As novas Bases BUO buscan incorporar tamén a mellora da imaxe corporativa da Xunta de Galicia entre a cidadanía do ámbito rural, para o cal será de aplicación o Manual de Identidade Corporativa así como outras





propostas que creen unha imaxe de marca nestas novas instalacións.

Deste xeito, temos coñecemento que estas bases están a facerse actualmente en Rianxo, Muíños e Mondoñedo, deseñándose e construíndose baixo un sistema de arquitectura modular que facilite e axilice a súa implantación sobre o territorio en parcelas estratéxicas propias ou cedidas.

Na súa construción está a buscarse tamén a máxima integración na súa contorna, utilizando materiais para a súa construción baixo a filosofía do quilómetro cero e contarán con vestiarios e duchas, zona de cociña, comedor, elementos de descanso, despachos así como tamén dunha área exterior cuberta para aparcadoiro dos vehículos, algo que favorecerán enormemente a conciliación entre o descanso e o traballo do seu persoal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Ampliar en función das dispoñibilidades orzamentarias o número de construcións de Bases de Unidades Operativas (BUO), co obxectivo de tecer sobre o territorio unha rede de bases que mellore a prestación dos servizos públicos así como as condicións de

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





habitabilidade e saúde ocupacional dos traballadores e traballadoras do Servizo de Prevención de Incendios Forestais da Xunta de Galicia.

2. Continuar ca política de reforma e rehabilitación doutras bases asociadas á operatividade do Servizo de Prevención de Incendios Forestais da Xunta de Galicia”.

Santiago de Compostela, 20 de novembro 2023.

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 20/11/2023 13:13:30

Ángel Rodríguez Conde na data 20/11/2023 13:13:44

José Antonio Armada Pérez na data 20/11/2023 13:13:56

Rubén Lorenzo Gómez na data 20/11/2023 13:14:13

Raquel Arias Rodríguez na data 20/11/2023 13:14:25

Gómez Salgado, Carlos na data 20/11/2023 13:15:08

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Susana López Abella na data 20/11/2023 13:15:19

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 20/11/2023 13:15:29

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas, Cristina Fernández Davila e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a urxencia de coñecer a valoración que fai a Secretaría Xeral de Igualdade da decisión de eliminar, por parte da Consellería de Educación, a oferta da materia de igualdade de xénero na oferta curricular de educación secundaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Afrontar a fin da violencia de xénero precisa dunha firme vontade política que asuma unha estratexia de planificación global nada desde o comezo dunha formación educativa en igualdade.

Na actualidade son moitos os informes e estatísticas que confirman que é entre os menores de 18 anos onde está a medrar a violencia machista, desde a asunción dunha visión negacionista desta até a confección de discursos abertamente antifeministas.

Banalizar a violencia de xénero, ser incapaz de recoñecer actitudes machistas, propor substituír o concepto de violencia de xénero por violencia intrafamiliar ou doméstica ou mesmo afirmar que a violencia non ten xénero fai parte dun discurso social que procura retroceder os avances en materia de igualdade.

A educación en igualdade de xénero facía parte do currículo académico galego desde o ano 2016. Dicimos facía porque, sorprendentemente, a partir do vindeiro curso deixará de estar presente, xa que a Xunta acaba de eliminar a oferta desta materia optativa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ao tempo que incorpora aos currículos de ESO e BAC tres novas materias: Cultura Financeira, Intelixencia Artificial para a Sociedade e Tecnoloxías Intelixentes.

Renunciar á formación do alumnado en igualdade de xénero de forma específica desde o currículo escolar, como reforzo aos contidos transversais, é renunciar ao principio básico de educación nos valores do respecto, da tolerancia e da convivencia.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta a recuperar a oferta da materia de igualdade de xénero na oferta curricular das diferentes etapas educativas cunha dotación horaria suficiente.”

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2023 17:57:40
Nº Rexistro: 62475
Data envío: 20/11/2023 17:57:40,755

Olalla Rodil Fernández na data 20/11/2023 17:54:00

Cristina Fernández Davila na data 20/11/2023 17:54:04

Mercedes Queixas Zas na data 20/11/2023 17:54:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Alexandra Fernández Gómez** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a necesidade urxente de intervir nos centros educativos públicos de Mos para garantir a calidade do seu servizo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A dinámica urbana do concello de Mos está fortemente influenciado pola súa posición na área metropolitana de Vigo, que fai con que nos últimos anos a súa evolución demográfica fose positiva. Dende o ano 1998 até o 2022 a poboación aumentou dos 13.704 habitantes aos 15.199 actuais.

Porén os servizos públicos cos que debера contar un concello destas características son insuficientes ou presentan graves carencias e deficiencias. A situación da educación é especialmente mala, tanto no centro de educación secundaria como nos centros de educación infantil e primaria.

No tocante ao ensino secundario, o IES de Mos leva anos arrastrando un problema de saturación do centro. Na actualidade hai entre 630 e 650 alumnos e alumnas para un centro cunha capacidade para 500. Por tanto teñen unhas instalacións que non foron concibidas para poder dar servizo a un 30% máis de alumnado. Tampouco a Xunta demostra vontade de actuar para tratar de paliar este problema. Así, leva anos desouvindo as peticións da comunidade educativa para cubrir as pistas exteriores. A pesar de que só contan con dúas zonas cubertas, de 70m2 unha e 50 m2





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

outra. No plano dos recursos humanos tampouco a Xunta tratou de paliar o déficit da saturación do centro. Neste momento dos 60 profesores solicitados polo centro, apenas se enviaron 57,5. Isto fai con que haxa varias clases de bacharelato que están ao límite de alumnos permitidos, existindo unha media de alumnos por clase para todo o centro de 28.

Por se fora pouco existe unha desleixo da administración galega para dar resposta a outras deficiencias como son a traída de augas, que leva máis de 4 anos rota, a necesidade de máis liñas do servizo de autobuses ou a reparación da escaleira de incendios. Incluso as obras que se realizan fanse sen unha correcta previsión como no caso da cuberta lateral que tivo que ser intervida varias veces ou das obras que aínda no mes de novembro seguían sen concluírse.

En cuanto aos centros de educación de infantil e primaria reitérase unha política de desleixo nas mellora das infraestruturas que cos anos van quedando obsoletas ou inutilizables.

O CEIP Atin Cela ten necesidade de construír un novo parque de primaria e de construción dun muro de contención que evite os movementos de terras.

O CEIP Pena de Francia ten varios problemas de seguridade que deberan ser resoltos con urxencia. Primeiro, un problema de afección de xilófagos no escenario que está en risco de derrube. Segundo, as canastras vellas e defectuosas teñen risco de caída. Este centro tamén ten un problema de desgaste das instalacións, nun centro que xa está próximo a cumprir os 50, sen que se teñan acometido as melloras necesarios, de aí que requiren de actuacións as instalacións de fontanería, as recollidas de augas pluviais ou as pistas. Por último tamén teñen carencias en cuanto ás zonas cubertas para os recreos, xa que con 229 alumnos na actualidade resultan insuficientes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O CEIP Petelos existe preocupación pola aparición de gretas na cimentación. Ademais existen filtracións de auga na zona do ascensor que provoca frecuentes cortocircuitos, polo que é necesario un illamento urxente para garantir a accesibilidade do centro.

O CEIP Mestre Martínez Alonso e o CEIP Mestre Valverde Mayo precisan dun cambio de ventás urxentes, xa que son as mesmas que se instalaran na súa construción sen a necesaria rotura térmica para un centro educativo actual, e da mellora das condicións do pavimento no patio.

En definitiva, a situación dos centros educativos en Mos é o resultado de anos de deixación de funcións por parte da administración galega en que non se puxeron as medidas necesarias para garantir unha adecuada atención e calidade dos servizos educativos nos centros públicos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a impulsar de forma urxente as medidas necesarias para garantir unha adecuada atención e calidade dos servizos educativos nos centros públicos de Mos, entre as que se inclúen as seguintes:

- Redución da ratio alumno por aula con maior dotación de profesorado, con especial atención ao alumnado con demandas especiais.
- Mellora das seguintes infraestruturas:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- o IES de Mos: Arranxo da traída de augas, peche das pistas exteriores, aumento das liñas de autobuses.
- o CEIP Atin Cela: Parque de primaria e asegurar o posibles movementos de terras.
- o CEIP Pena de Francia: Substitución do escenario, de material e instalacións deportivas e das instalacións sanitarias e pluviais.
- o CEIP Petelos: Inspección e consolidación de problemas estruturais e actuacións de illamento do solo.
- o CEIP Mestre Martínez Alonso: Remprazo das fiestras para a súa mellora da eficiencia enerxética.
- o CEIP Mestre Valverde Mayo: Na zona de máis antiga construción remprazo das fiestras para a súa mellora da eficiencia enerxética e mellora da pavimento do patio.”

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 21/11/2023 10:53:53

Cristina Fernández Davila na data 21/11/2023 11:01:54

Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2023 11:01:56



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ocupando en Galicia, as masas de frondosas, un 29 % da superficie arborada, apenas supoñen o 3 % das cortas de madeira anual, o que dá idea da súa infrautilización.

A súa taxa de aproveitamento anual actual supón apenas un 15 % do crecemento anual, o cal quere dicir que a súa taxa de aproveitamento sostible, podería ser cando menos 6 veces superior, pasando das case aproximadamente 270 mil toneladas de corta anual, a practicamente 1,5 millóns de toneladas ao ano.

As frondosas caducifolias en Galicia carecen actualmente dun plan de aproveitamento, orientado a mellorar a súa calidade. A pouca madeira destas especies que se vén cortando correspóndese basicamente con madeiras de escasa calidade, que se destinan a consumo doméstico como leñas (un 17 % aproximadamente), unha minoría a industrias de aserrado e chapa (un 25 % adicional) e o resto (un 68 %) como madeira de trituración principalmente para a industria de taboleiros, xa que non ten calidade para usos de maior valor engadido.



O gran reto de mobilización desta madeira é achegar a este grupo de especies a xestión forestal sostible. De xeito que estas masas teñan non só un valor medioambiental, senón tamén económico. O cal facilitaría a súa vez o interese do propietario forestal no seu uso, promoción e mellora, e redundaría nun mellor estado forestal do monte e de saúde.

Polo tanto, entendemos que este plan debe de ter como horizonte:

- Medidas de silvicultura, con actuacións específicas nas masas de frondosas, para aumentar o seu valor engadido, e diminuír o risco de incendios forestais.
- Medidas de mellora xenética, de xeito que se poida mellorar a calidade dos materiais de reprodución, de forma que resistan mellor as enfermidades e sexan máis produtivos.
- Medidas para o uso da madeira de frondosas en produtos de alto valor engadido, para o cal se debe de realizar programas específicos para aspectos de innovación que apoien novos procesos e produtos a partir destas especies.
- Medidas de sanidade vexetal, para a protección e o combate das principais pragas e enfermidades que afectan a estas masas (cancro, tinta, avispiña do castiñeiro, Altica, quercetorum no caso das carballeiras e rebolos, tinta dos ameneiros).

Deben de desenvolverse, e incluso ampliarse os obxectivos de intervención fixados no Plan Forestal de Galicia, de xeito que se dediquen recursos do PEPAC ao coidado e mellora destas masas no actual período de programación 2023-2027 dos fondos europeos.



Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar un plan de aproveitamento das frondosas caducifolias, orientado a mellorar a súa calidade que contemple:

- Medidas de silvicultura, con actuacións específicas nas masas de frondosas, para aumentar o seu valor engadido, e diminuír o risco de incendios forestais.
- Medidas de mellora xenética, de xeito que se poida mellorar a calidade dos materiais de reprodución, de forma que resistan mellor as enfermidades e sexan máis produtivos.
- Medidas para o uso da madeira de frondosas en produtos de alto valor engadido, para o cal se debe de realizar programas específicos para aspectos de innovación que apoien novos procesos e produtos a partir destas especies.
- Medidas de sanidade vexetal, para a protección e o combate das principais pragas e enfermidades que afectan a estas masas (cancro, tinta, avispiña do castiñeiro, Altica, quercetorum no caso das carballeiras e rebolos, tinta dos ameneiros).

Santiago de Compostela, 21 de novembro do 2023





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2023 11:22:36
Nº Rexistro: 62498
Data envío: 21/11/2023 11:22:36.185

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 21/11/2023 11:11:26

Martín Seco García na data 21/11/2023 11:11:35

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/11/2023 11:11:47

CSV: BOPGDSPG-02RrVNahP-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
229762

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila** e **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a situación das instalacións no CEIP Nosa Sra. de Lourdes en Mondariz Balneario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É de sobra coñecida pola Xefatura Territorial de Educación en Pontevedra, a situación na que se atopa as instalacións do CEIP Nosa Sra. de Lourdes no Concello de Mondariz Balneario.

Un centro educativo que data de 1940, inaugurado como casa do concello e que a mediados dos 50 pasou a ser a escola da vila termal e que precisa unha actuación de eficiencia enerxética, pero sobre todo unha ampliación para poder contar cun ximnasio para as materias de Educación Física e Psicomotricidade, así como espazo para un comedor escolar.

Con respecto ás obras de eficiencia enerxética, tendo en conta o Plan de Arquitectura Pedagóxica implementada pola Consellería de Educación este, como a maioría destes edificios, precisa actualizar a carpintería exterior, o illamento da cuberta e o trasdosado das fachadas do edificio para así contar cun centro de maior calidade e confortabilidade, sen humidade e cunha calefacción máis eficiente e sostible para o alumnado matriculado no CEIP e o resto da comunidade educativa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A estas obras, xa importantes en sí mesmas, habería que engadir un proxecto para ampliar as súas instalacións con espazo para poder contar con ximnasio e aula de psicomotricidade e outro a maiores para habilitar o centro de comedor escolar para dar este servizo básico de conciliación laboral e familiar.

Este centro duplicou a súa matrícula nos últimos anos, cunha diferenza clara que confirma a tendencia da cidadanía da contorna de elixir centros no rural que proporcionen unha educación e atención máis individualizada, nunha contorna natural e rodeado dun gran patrimonio cultural como é o caso deste Concello.

Pero para consolidar esta tendencia é preciso tamén fortalecer e implementar os servizos complementarios nas escolas, como é o caso deste centro que captaría máis alumnado se as familias puidesen contar con Aula Matinal e Comedor Escolar. Pero o CEIP Nosa Sra. de Lourdes non pode acoller este último servizo debido a falta dun espazo específico onde poder instalar o equipamento requirido para que os xantares no centro sexan unha realidade.

Como establece a lei educativa e tamén de Bases de Réxime Local, as competencias educativas lle son propias á Administración Autonómica e neste intre hai centros escolares como é o de Mondariz Balneario onde non se están a cumprir facendo que o rural galego estea en desvantaxe con respecto a centros de grandes vilas ou nas cidades.

A responsabilidade e competencia dos Concellos non vai máis alá da custodia e mantemento dos centros de Infantil e Primaria. Ningunha obra nova, ou que requira reformas estruturais ou cambios nas instalacións corresponden á administración local. Aínda así, o Concello está a ocuparse das cuestións máis urxentes para que a escola





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

esteas nas mellores condicións e dea unha boa imaxe que reflicta fisicamente o que acontece a nivel pedagóxico e educativo no seu interior.

Con todo o exposto, queda claro que estas numerosas reformas (que non mantemento) e a ampliación do centro deben ser atendidas pola Consellaría de Educación na súa planificación para poder contar cunhas instalacións actualizadas e cos espazos axeitados para dispoñer no CEIP Nosa Sra. de Lourdes dun ximnasio e o tan necesario comedor escolar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a demandar da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades, as seguintes accións:

- Asumir as súas competencias, e realizar as obras máis urxentes e necesarias de eficiencia enerxética (cuberta, carpintería exterior, trasdosados, calefacción, iluminación led...) para ter unha escola eficiente, confortable e sostible para toda a comunidade educativa.
- Realizar o proxecto para ampliación do centro e planificar as obras para poder contar con espazo para ximnasio, aula de psicomotricidade, vestiarios e comedor escolar.
- escoitar á dirección do centro e comunidade educativa para dar novos servizos de conciliación ao centro educativo.”





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2023

Asdo.: Cristina Fernández Davila

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 21/11/2023 11:35:22

Mercedes Queixas Zas na data 21/11/2023 11:40:22

Daniel Castro García na data 21/11/2023 11:40:24

Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2023 11:41:01





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Fernando Pérez Domínguez, Carmen Pomar Tojo, Guadalupe Murillo Solís, José Luis Regueiro Fernández, Manuel Santos Costa, Cristina Sanz Arias e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de motivos

Na actualidade, a conectividade dixital xoga un papel fundamental no desenvolvemento socioeconómico de calquera rexión.

Un servizo esencial para a actividade económica e industrial, para ao incremento da produtividade, a educación, o acceso aos servizos públicos, a inclusión social, etc..

Neste senso, Galicia foi unha das primeiras rexións, tanto a nivel nacional como europeo que, seguindo as directrices da Axenda Dixital para Europa, impulsaron o despregamento de redes de nova xeración. Un traballo que non pode parar e no que hai que seguir afondando cada vez con maior intensidade co obxectivo de dar o impulso definitivo á conectividade en Galicia.

Así mesmo, a Comunidade galega tamén foi pioneira a nivel nacional na mellora de cobertura móbil no rural, coa posta en marcha dunha medida autorizada pola Comisión Europea e empregada por esta como exemplo nas novas Directrices relativas a axudas estatais ás redes de banda larga.





Non obstante, as competencias neste ámbito son do Goberno do Estado que conta actualmente tamén cos fondos europeos para o financiamento e posta en marcha de actuacións que incrementen a cobertura de redes de telecomunicacións, fixas e móbiles, en todo o territorio español, e por conseguinte en Galicia, en cumprimento dos obxectivos establecidos por Europa e que España asumiu no eido da cobertura de redes ultrarrápidas.

Para este obxectivo conta concretamente co Programa de Universalización de Infraestruturas Dixitais para a Cohesión (Programa ÚNICO) e máis de 4.300 millóns de euros cos que prevé acadar os obxectivos da axenda “España Digital 2025”: levar a cobertura de redes fixas ultrarrápidas de máis de 100 Mbps a todo o territorio e unha cobertura 5G sen interrupcións nas zonas urbanas e grandes vías de transporte terrestre.

Unha capacidade inédita que non tiveron outros gobernos, para dar resposta aos retos de conectividade do noso país, especialmente no ámbito rural.

Compre salientar que, para o cumprimento dos obxectivos 2025, non será suficiente coa publicación de convocatorias de axudas contempladas no programa UNICO para a extensión de redes de telecomunicacións. É preciso garantir un escenario favorecedor destes despregamentos a través de mecanismos de coordinación e control, así como de medidas facilitadoras que eliminen as trabas administrativas e axilicen a consecución de permisos e licenzas por parte dos operadores.

Advírtese a necesidade de mellora na xestión das actuacións do Goberno de España, especialmente nesta etapa final dos despregamentos, para evitar que as zonas que actualmente teñen previsión de cobertura con algunha das convocatorias estatais queden finalmente sen cubrir por incumprimento dos obxectivos dos operadores.





A Xunta de Galicia conta cunha Oficina de atención e soporte a cidadáns, empresas e administracións públicas no ámbito da banda larga, cuxa atención se realiza telefonicamente e por correo electrónico.

Nestes últimos anos a demanda de consultas a esta Oficina incrementouse notablemente ao ser esta a única canle coñecida pola cidadanía, empresas e concellos para a resolución de cuestións sobre a cobertura dos despregamentos tanto autonómicos como estatais.

Con todo, a falta de información concreta sobre o avance dos despregamentos estatais fai que desde a Oficina da Xunta non se poidan resolver todas as consultas.

Tamén está dispoñible a Oficina de atención exclusiva a concellos, posta en marcha pola Xunta e atendida por persoal técnico da AETG, á cal chegan con frecuencia dúbidas referentes á tramitación de licenzas para o despregamento de redes de telecomunicacións derivadas da falta de desenvolvemento normativo por parte do Goberno de España.

O Goberno de España aprobou en 2022 a nova Lei Xeral de Telecomunicacións pero continúa sen levar a cabo os distintos desenvolvementos normativos contemplados nesta Lei, xa dende o ano 2014, o que dificulta a tramitación das licenzas municipais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que:

- 1.- Estableza mecanismos de seguimento e control dos despregamentos derivados do programa UNICO que permitan detectar con antelación as zonas que non se





cubrirán cos proxectos postos en marcha e se podan incluír así na convocatoria pendente de 2024.

- 2.- Estableza unha canle de comunicación directa cos axentes interesados nos despregamentos a través da cal poida dar resposta a todas as dúbidas e consultas que se orixinen no ámbito do Programa UNICO.
- 3.- Leve a cabo a reforma completa do marco normativo de telecomunicacións, contemplada na Reforma 1 do Compoñente 15 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- 4.- Poña en marcha mecanismos e/ou acordos de colaboración coa Comunidade galega co obxectivo de axilizar e facilitar os despregamentos no rural, concretamente có operador público Retegal para o aproveitamento das súas infraestruturas existentes por parte operadores privados”.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 21/11/2023 12:46:32

Noelia Pérez López na data 21/11/2023 12:46:56

Fernando Pérez Domínguez na data 21/11/2023 12:47:11

Carmen María Pomar Tojo na data 21/11/2023 12:47:22

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2023 12:58:20
Nº Rexistro: 62508
Data envío: 21/11/2023 12:58:20.496

María Guadalupe Murillo Solís na data 21/11/2023 12:47:37

José Luis Regueiro Fernández na data 21/11/2023 12:47:54

Manuel Santos Costa na data 21/11/2023 12:48:04

Cristina Sanz Arias na data 21/11/2023 12:48:18

Katherinie Varela Fernández na data 21/11/2023 12:48:32

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-02RrVNahP-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputado, **Noelia Pérez López, Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Os riscos e as afectacións que afrontan as nenas, nenos e adolescentes nas contornas da internet e das redes sociais, sobre todo cando utilizan servizos deseñados para adultos, son unha preocupación compartida por institucións, organizacións que traballan coa infancia, familias e a sociedade en xeral.

Numerosas persoas expertas e estudos científicos alertan sobre as graves consecuencias que o consumo de pornografía pode ter na educación e as condutas afectivo-sexuais dos menores de idade e resaltan incluso problemas graves de normalización de comportamentos violentos, denigración e cosificación das mulleres, adición ao sexo, ciberacoso, problemas de relacións de parella, prácticas sexuais de risco, ou incluso depresión e ansiedade como algunhas das graves consecuencias derivadas do consumo temperá da pornografía.

Segundo un informe da organización Save the Children, o 53,8% das persoas enquisadas accedeu por primeira vez á pornografía antes dos 13 anos e un 8,7% antes dos 10 anos. Datos que preocupan moitísimo aos médicos e que levaron á Asociación Española de Pediatría (AEP), a Asociación Española de Pediatría de Atención Primaria





(AEPAP), a Sociedade Española de Pediatría Extrahospitalaria (SEPEAP) e a organización non gubernamental Save the Children a facer un chamamento urgente ás institución públicas para impedir o acceso a menores a estes contidos a través da internet e as redes sociais.

Segundo a propia Axencia de Protección de Datos, que xa denunciou a necesidade de establecer mecanismos de control certos que impidan o acceso a menores de idade, o consumo de pornografía en España é xeneralizado a partir dos 14 anos, tendo constancia de que incluso menores de 8 anos xa tiveron acceso a ela.

A propia Unión Europea, na Directiva 2010/13, modificada pola 2018/1808, do Parlamento Europeo, no seu artigo 6 bis establece tamén a necesidade de que os países membros adopten medidas de control sobre os contidos nocivos como a pornografía e que o acceso a estes elementos sexa moito máis estrito.

Na actualidade, varios países europeos, entre os que se atopan o Reino Unido ou Francia están a adoptar medidas.

Concretamente o proxecto de lei francesa “visant à sécuriser et réguler l’espace numérique” dedica tres artigos á protección dos menores fronte ao acceso á pornografía en Internet e busca establecer un novo sistema de certificación de idade.

E a modo de motivación, comprende engadir tamén que o dito proxecto de lei francesa confire á Autoridade Competente en materia de Comunicación Audiovisual e Dixital a misión de desenvolver un marco de referencia vinculante que estableza os requisitos técnicos a cumprir polos sistemas de verificación de idade establecidos para o acceso a sitios con contido pornográfico (en termos da fiabilidade do control da idade dos





usuarios e o respecto da súa vida privada); para que só os adultos teñan acceso a sitios que conteñan contido pornográfico e o fagan a través dun sistema de verificación de idade que protexa aínda máis a privacidade de todos.

Ademais, o proxecto reforza, entre outros aspectos, as facultades de intervención de Autoridade Audiovisual Competente na loita contra o acceso de menores a sitios que conteñen contidos pornográficos, ao conferirlle a facultade de tomar medidas cautelares contra os sitios infractores e a de impoñer sancións económicas.

En relación con este asunto, é necesario traer aquí a colación a aprobación do Regulamento (UE) 2022/2065 do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de outubro de 2022, relativo a un mercado único de servizos dixitais e polo que se modifica a Directiva 2000/31/CE (Regulamento de Servizos Dixitais ou RSD), en vigor a día de hoxe, aínda que cunha vacatio legis para a aplicabilidade de parte do seu articulado ata o 17 de febreiro de 2024, data na que será de completo e obrigado cumprimento en todos os Estados membros da UE.

No caso de España, a regulación sobre as limitacións do acceso de menores á pornografía na internet redúcese, a día de hoxe, ao establecido na Lei 13/2022, do 7 de xullo, Xeneral de Comunicación Audiovisual (aprobada, por certo, cando a tramitación do RSD xa estaba practicamente finalizada).





En concreto, no seu art. 89.1 recóllese que "os prestadores do servizo de intercambio de vídeos a través de plataforma, para protexer aos menores e ao público en xeral dos contidos audiovisuais indicados no artigo anterior, tomarán as seguintes medidas ... e) Establecer e operar sistemas de verificación de idade para os usuarios con respecto aos contidos que poidan prexudicar o desenvolvemento físico, mental ou moral dos menores que, en todo caso, impidan o acceso destes aos contidos audiovisuais máis nocivos, como a violencia gratuíta ou a pornografía".

A lei española contempla exclusivamente esta mención, sen indicar nada acerca de como implementala; xa que o artigo 92, sobre o alcance e proporcionalidade das obrigas límítase a dispoñer que "reglamentariamente poderase especificar o alcance de cada unha das medidas enumeradas nos artigos 89 e 91 e a súa esixibilidade aos prestadores do servizo de intercambio de vídeos a través de plataforma, en función, entre outros, do seu tamaño, volume de usuarios, natureza dos contidos ou tipo de servizo ofrecido", e ningunha mención tampouco a outros aspectos tamén relevantes e aos que si refire o proxecto francés.

En resumo, o RSD ofrece un marco xurídico harmonizado no territorio da UE que non choca coa liberdade dos Estados Membros para desenvolver normas de Dereito nacional -dentro dos límites mínimos que establece o Regulamento-, de modo que estes poidan facer fronte con maior eficacia a aspectos concretos, como é a limitación de acceso dos menores a contidos de tipo pornográfico na internet.





Tendo en conta as opinión das persoas expertas e a das diferentes entidades e organizacións que traballan no ámbito dos menores e con base no exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España que impulse o desenvolvemento regulamentario que permite o art. 92 da LGCA, sobre a base do disposto no Regulamento de Servizos Dixitais, e que regule, sen que supoña unha violación da privacidade dos usuarios, un método efectivo de verificación da maioría de idade dos usuarios no acceso aos contidos audiovisuais pornográficos”.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 21/11/2023 12:52:42

Noelia Pérez López na data 21/11/2023 12:52:57

Paula Prado del Río na data 21/11/2023 12:53:12

María Corina Porro Martínez na data 21/11/2023 12:53:22

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/11/2023 12:53:36

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 21/11/2023 12:53:52

López Sánchez, Rosalía na data 21/11/2023 12:54:05

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2023 12:59:01
Nº Rexistro: 62510
Data envío: 21/11/2023 12:59:01.949

Raquel Arias Rodríguez na data 21/11/2023 12:54:18

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-02RrVNahP-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Carmen Aira Díaz** e dos deputados **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Diego Lourenzo Moura**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A produción vitícola na Ribeira Sacra dáse dentro dun ecosistema milenario que perdura dende que “probablemente” os romanos trouxeran a *vitis vinifera*. Os últimos estudos de investigación divulgados este mesmo ano sitúan os socalcos máis antigos no s. VII (río Lor). En calquera caso, este cultivo conta con continuidade dende a Idade Media cando as ordes relixiosas favoreceran e apostaran polo cultivo da vide.

A estas alturas este tipo de cultivo denominado “viticultura heroica” que se desenvolve na Ribeira do Miño, do Sil, do Cabe e do Bibei con disposición en bancais, muras, socalcos, etc denominacións que dependen do tipo e da zona onde se desenvolven, é coñecida en todo o mundo e cumpre uns requisitos “de dificultad manual” e de mantemento do territorio e da paisaxe, que aínda que non é única, si é idiosincrática, particular e corre perigo de se extinguir.

A Ribeira Sacra enclávase xeograficamente no sul de Lugo e na zona norte de Ourense, unha zona moi extensa con perda de poboación sostida no tempo, pobres vías de comunicación, pouca ou ningunha industria, polo tanto o que lle queda para crear tecido socioeconómico é o sector servizos e as producións primarias, que por zonas poden estar máis relacionadas coas actividades agrogandeiras e como neste caso, coa produción vitivinícola.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A perda demográfica, a elevada idade da poboación foron conducindo ao abandono das viñas nas Ribeiras máis achegadas ao río e polo tanto con máis desnivel que desgrazadamente foron perdendo as muras e enchéndose de arboredo autóctono que agora dificulta ou imposibilita o cambio de usos e polo tanto os intentos de recuperación. A este perigo de deserto poboacional engádeselle a falta de relevo poboacional, como resultado dun modelo de séculos que foi denostando o sector primario, e a quen vive del.

Son as e os viticultores os que coidan e manteñen estes ecosistemas, aguantando contra vento e marea as novas que trae Europa, o cambio climático, políticas de entrega do territorio a grandes promotores, etc, son os que sosteñen a actividade nas adegas e polo tanto son a base para que o viño desta zona xere economía, tan necesaria. Os viticultores que se enfrontan a todos estes cambios no seu 80% teñen idades por riba dos 60 anos, polo que resulta moi importante apoialos e fomentar que as persoas novas se incorporen a esta actividade, o que significa a diferenza entre que a Ribera Sacra tal e como a coñecemos poida ter futuro, xa que hai un severo risco de abandono nas zonas máis baixas das ribeiras.

Nos últimos anos os viticultores sosteñen unha loita contra os elementos, dende Europa as exixencias sobre os coidados medio ambientais reducen ou manteñen as axudas en relación coa redución do uso dos tratamentos fitosanitarios, o cal en moitas ocasións se fai imposible debido aos cambios na climatoloxía en relación co cambio climático, elevadas temperaturas con elevados niveis de humidade, períodos de seca que provocan enfermidades fúnxicas que non se resolven soas, outras veces alternan con outros períodos de treboadas con pedra que destrúen as vides, ou mesmo a vespa velutina nalgúns zonas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai que sinalar que a dependencia entre a produción primaria e as adegas é enorme, polo que o tratamento destes problemas entendemos que as problemáticas non se poden tratar de xeito independente.

Dito isto podemos concluír que se precisa un gran plan para garantir a supervivencia integral dende o punto de vista humano, paisaxístico e produtivo da Ribeira Sacra, entendendo isto como o deseño de actuacións nos diversos sectores que xeran economía nesta zona do país .

O goberno da Xunta, dende a Consellería de Medio Rural está fomentando a recuperación de terras ao abeiro da LRTAG, que en moitos casos se converte en acaparáción de terras a mans de grandes adegas de modo que poden xuntar centos de hectáreas despois de eliminar calquera rastro das estruturas tradicionais para crear outras novas con distintas características e sempre evitando as zonas de cultivo máis complexas, é dicir, as máis achegadas ó río. Isto actúa en contra dos viticultores tradicionais que para xuntar unhas poucas hectáreas teñen que conformarse con telas diseminadas en varias viñas, o que os fai menos competitivos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta o Goberno da Xunta de Galiza a establecer liñas políticas integrais para a pervivencia paisaxística, humana, produtiva e industrial da Ribeira Sacra por medio:

1. Do deseño dunha planificación integral e coordinada para a recuperación de tódolos sectores produtivos neste territorio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Do establecemento dun sistema de asesoramento permanente e propio para o fomento e promoción de novas incorporacións no sector vitícola nas ribeiras tradicionais.

3. Promover a profesionalización das e dos viticultores.

4. Normativa específica para a recuperación de terras forestadas para o cultivo de viñas

5. Da posta en marcha dun plan de relevo no cultivo das viñas tradicionais.

6. Da dotación de solo industrial público suficiente nos distintos concellos para que as empresas e industrias poidan incrementar a súa capacidade produtiva.

7. Fomento da oferta de vivenda a través de medidas que animen aos particulares a poñer vivendas baleiras en aluguer, como serían axudas para melloras na súa habitabilidade, xunto coa posta a disposición de garantías públicas para os arrendadores.

8. Promover un turismo sostible e de calidade non somentes relacionado coa paisaxe se non tamén cos sectores produtivos agrogandeiros.

9. Establecemento dunha potente rede de servizos básicos de apoio á conciliación da vida familiar e laboral, atención ás persoas maiores e á infancia, atención á mobilidade, etc.

10. De medidas para a conectividade do 100% territorio.

11. Promover a economía circular e os mercados de proximidade aproveitando as feiras tradicionais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

12. Potenciar a Formación Profesional nos sectores apropiados para o futuro do territorio.”

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2023

Asdo.: Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Diego Lourenzo Moura

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 21/11/2023 16:31:06

Xosé Luis Rivas Cruz na data 21/11/2023 16:40:05

Diego Lourenzo Moura na data 21/11/2023 16:40:07

Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2023 16:40:53





A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputado, **Noelia Pérez López, Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Son moitos os avances conseguidos en Galicia tras a consideración, por parte do goberno galego, da igualdade de xénero como un elemento transversal en todas as políticas e accións da administración pública galega, máis non acadaremos a igualdade real e efectiva ata que mulleres e homes non sexamos iguais en todos os ámbitos da sociedade.

Un Goberno galego referente a nivel nacional na aplicación de medidas, e que ten que seguir xogando un papel primordial ao ser parte activa e fundamental para diagnosticar, recoñecer e abordar todas as barreiras que a día de hoxe aínda seguen presentes.

E se falamos de barreiras que aínda persisten, temos que falar ineludiblemente da fenda de xénero no mercado laboral.

Aínda cando os programas e as medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia, nomeadamente poderíamos citar o Programa Emega, o Galicia Emprega cunha liña específica de apoio ás mulleres ou as axudas á conciliación, etc. teñen amosado, e así o evidencian os datos, que están a ser beneficiosos e facilitan a incorporación das





mulleres ao mercado laboral, podemos referir os datos da EPA do 3º T de 2023 que amosan claramente que a empregabilidade das mulleres na nosa comunidade atópase en mellor situación ca no conxunto do Estado , taxa de desemprego feminino en Galicia 10,2%, máis de 3 puntos por debaixo da media estatal (13,59%), a realidade é que na nosa comunidade a desigualdade de xénero no emprego persiste, tal e como amosa a taxa de actividade, que segue sendo máis baixa entre as mulleres (49,49%) que entre os homes (56,17%).

Unha das principais claves para concienciarnos como sociedade desta situación vénnos dada por un dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, concretamente o número 8 que destaca a necesidade de que homes e mulleres teñan as mesmas oportunidades no seu lugar de traballo, posibilitando mellores perspectivas de desenvolvemento persoal. Un reto que non conleva beneficios exclusivos so para as mulleres, senón que fortalece a toda a sociedade xerando unha contorna máis equitativa e máis próspera para todos.

De ahí que sexa necesaria unha actuación conxunta a nivel social, institucional e empresarial para incidir e remover todos os obstáculos aínda presentes na actualidade.

Trabas no acceso ao emprego, nas condicións laborais (un impedimento importante para as mulleres no mercado laboral é a dificultade para poder conciliar), no desenvolvemento profesional, na capacitación (as mulleres seguen quedando fora das profesións STEM nun momento de crecemento exponencial dos traballos tecnolóxicos), retribucións (o tecido produtivo ten que reflexionar sobre esta cuestión e ver si existe ou non desigualdade salarial entre os seus empregado e implantar medidas que poñan fin a esta situación), etc..





Por iso desde o Grupo Parlamentario Popular cremos que é crucial abordar as disparidades no emprego existentes aínda a día de hoxe entre mulleres e homes, porque ademais de ser unha clara inxustiza, e de ter moitas implicacións sociais, tamén as ten na competitividade da nosa economía ao non aproveitarse plenamente o potencial das mulleres ao noso tecido produtivo.

En base ao anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia á creación dunha Estratexia autonómica especificamente dirixida ao impulso do emprego feminino de alto valor engadido e, deste xeito, contribuír a remover todos os obstáculos, que na actualidade e nestas áreas específicas, impiden que mulleres e homes teñan as mesmas oportunidades no seu lugar de traballo e acaden así mellores perspectivas de desenvolvemento persoal”.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 22/11/2023 11:51:52

Noelia Pérez López na data 22/11/2023 11:52:11

Paula Prado del Río na data 22/11/2023 11:52:28

María Corina Porro Martínez na data 22/11/2023 11:52:41

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/11/2023 11:52:55

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 22/11/2023 11:53:10

López Sánchez, Rosalía na data 22/11/2023 11:53:23

Raquel Arias Rodríguez na data 22/11/2023 11:53:34

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Martín Seco García** e **Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª**.

Hai poucas datas soubemos das intencións da USC, que anunciou unha reestruturación do Campus Terra de Lugo que suprimía os graos de Paisaxe e Enxeñaría Civil o de Procesos Químicos, así como a conversión en interuniversitarios dos emblemáticos graos de Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e o de Enxeñaría Forestal e do medio natural no ano 2025, todos eles presentes na oferta educativa da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, menos o de Procesos Químicos que se imparte na Facultade de Ciencias.

Este anuncio tivo contestación por parte da comunidade universitaria, as institucións e a sociedade lucense, que denunciaron o duro golpe que esta situación causaría no desenvolvemento económico, social e científico da cidade e da provincia de Lugo, xa que estamos a falar de ensinanzas que son parte fundamental do propio Campus de Lugo, ligadas á súa mesma creación, progresión e avances e tamén ligadas ao tecido social e económico da provincia de Lugo, que, sendo eminentemente rural, ten no sector agrogandeiro e forestal un factor imprescindible para seguir avanzando, e por iso debe contar coa formación e a investigación universitarias no propio territorio

A dita contestación fixo que se aprazase temporalmente a decisión por parte da USC, pero existe unha ameaza latente sobre o futuro do Campus Terra como espazo docente e de investigación científica que implica a dous terzos do



alumnado e pon en perigo titulacións fundamentais no proceso de especialización do campus, cunha perda específica do recoñecemento internacional, xa que os graos de agrícola, forestal e os mestrados asociados ás ditas enxeñerías perderían o selo EUR-ACE que acredita a súa excelencia, o que implicaría unha perda de competitividade ao ser compartidas con outras universidades e tamén para outros graos da Politécnica que contan con este distintivo europeo, polo que o Campus Terra necesita de certezas por parte da Administración autonómica para a súa continuidade e non vivir en continua ameaza.

O Goberno galego debe demostrar se realmente está implicado no combate contra o envellecemento e despoboamento que sufrimos na Galicia interior, e para iso a fórmula non pode ser recortar ou afastar a formación, senón todo o contrario, amplialas e achegalas ao territorio para conseguir fixar e atraer poboación. Tampouco resulta aceptable que se utilice como xustificación para suprimir graos o número de matrículas, pois, nun ámbito como a educación, hai que priorizar a rendibilidade social, o retorno que ten a oferta académica para a sociedade e para o tecido produtivo en termos de transferencia de coñecemento, de impulso á innovación e ao desenvolvemento, e de xeración de riqueza.

Cada ano que pasa Galicia conta con menos explotacións agrarias e cunha preocupante falla de relevo xeracional, que ten os peores datos de superficie agraria útil de todo o estado, cunha transformación mínima das materias primas nas que somos unha potencia como o leite e a madeira, cunha ameaza dos lumes forestais que campan ás súas anchas nun territorio rural abandonado e cun déficit de técnicos en materia agraria e forestal que están a chegar á propia administración, sería desexable que o Goberno galego se implicase na promoción e impulso da formación agraria para mellorar a captación de alumnos e seguir contando co único campus de España que conta cunha



facultade de veterinaria e unha escola politécnica que imparte formación agraria e forestal.

Por todo o exposto, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Revisar o Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da comunidade autónoma de Galicia, nomeadamente no que se refire a estudantes de novo ingreso, de xeito que se garanta a continuidade dos estudos mencionados, todo iso coa finalidade de xerar confianza na comunidade educativa das facultades do Campus Terra e nos sectores produtivos directamente relacionados coas titulacións existentes no Campus de Lugo.
2. Poñer en funcionamento unha campaña de impulso da formación agrogandeira e forestal no Campus Terra, nun proceso de captación de novos técnicos e investigadores necesarios para o futuro do noso rural.

Parlamento de Galicia, 21 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 21/11/2023 18:28:49

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 21/11/2023 18:29:04

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/11/2023 18:29:15



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Pablo Arangüena Fernández** e **Paloma Castro Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1ª**.

A Lei de acción exterior e cooperación internacional de Galicia do ano 2021, seguindo a estela da lei estatal, establece a necesidade de programar a acción exterior galega, incorporando para iso medidas e mecanismos como a elaboración da EGAEX, ademais da rendición de contas, coa obriga de comparecer no Parlamento a explicar determinadas actuacións e de elaborar determinados informes con certa periodicidade. Tamén abondou na necesidade de coordinación dunha materia tan transversal como a política exterior.

Transcorridos xa máis de dous anos de vixencia desa lei, cómpre recoñecer que as súas boas intencións quedáronse en intencións, adolecendo a política exterior galega de falta de coordinación, programación, rendición de contas, avaliación e transparencia.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a que elabore un plan de acción exterior para coordinar e ordenar as accións e iniciativas da acción exterior galega como política pública, incluíndo entre outras medidas as seguintes:



- a) Crear a comisión de secretarios xerais técnicos de acción exterior e cooperación.
- b) Realizar xuntanzas, con periodicidade como mínimo anual, cos axentes chave da acción exterior galega de todos os niveis administrativos galegos e tanto do ámbito público como do privado.
- c) Crear a comunidade da Galicia Global, cunha plataforma comunicativa na internet que sirva de foro virtual de información, comunicación e interacción da acción exterior galega.
- d) Realizar un informe anual de avaliación do cumprimento de cada un dos obxectivos da acción exterior galega explicitados na lei e na EGAEX, que deberá ser publicado, remitido ao Consello de Contas e presentado e debatido no Parlamento de Galicia.

Parlamento de Galicia, 22 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 22/11/2023 11:34:57

Paloma Castro Rey na data 22/11/2023 11:35:19

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/11/2023 11:35:31



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2021 o goberno da Xunta iniciou o expediente do novo viario de acceso á ampliación do Hospital Montecelo, centro hospitalario de referencia na área sanitaria Pontevedra-Salnés.

O obxecto desta execución é unha nova circunvalación que actuará coma unha variante ao tráfico que circula na actualidade pola avenida de Montecelo.

Na elaboración deste viario non se tivo en conta á veciñanza da parroquia de Mourente (Pontevedra) que ía a verse afectada polo mesmo e así o resultado unha vez iniciada a execución da obra é claramente prexudicial para os mesmos.

Por unha banda elimináronse todos os accesos que tiña a veciñanza as súas fincas e inmobles quedando inhabilitadas ditas entradas.

A pesar de reflectir na resolución pola que se aproba o expediente de información pública, publicada no DOG do 11 de outubro de 2021, que se deseñarán novos camiños de servizo paralelos á estrada, en tramos específicos para dar acceso ás explotacións e aos predios que actualmente contan con eles.



Tampouco estableceron no proxecto como van facer os peches das fincas nin as medidas para a contención das inundacións.

A colocación da instalación eléctrica é mixta nuns lugares subterráneo e noutros exterior o que non se xustifica no proxecto, nin existe informe do impacto medioambiental na flora e na fauna da contorna.

Por outra banda en relación ao acceso peonil, o novo viario so conta con beirarrúa nun pequeno tramo constituíndo un perigo para a veciñanza que ten que camiñar polo beiravía e para os nenos e nenas que collen o bus escolar nunha parada próxima.

Tendo en conta o relatado dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que o goberno da Xunta de Galicia ten que reconsiderar moitos aspectos importantes para a seguridade viaria e peonil da veciñanza desta parroquia, e proceder a executar as modificacións pertinentes para garantila.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solucionar os problemas de accesibilidade derivados da execución do novo viario de acceso ao hospital Gran Montecelo, nomeadamente o relativo a:

- a) Os novos camiños de servizo paralelos á estrada, en tramos específicos para dar acceso ás explotacións e aos predios que actualmente contan con eles.
- b) A habilitación de beirarrúas ata o punto onde conflúen os dous viarios co fin de garantir un acceso peonil seguro.



- c) Os mecanismos de contención das inundacións.
- d) Redefinir o xiro que da acceso a algunhas vivendas situadas no inicio do viario xa que non permite o acceso a estas vivendas de forma segura.

Santiago de Compostela, 21 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 22/11/2023 12:52:07

Patricia Otero Rodríguez na data 22/11/2023 12:58:56

Julio Torrado Quintela na data 22/11/2023 12:59:09

Marina Ortega Otero na data 22/11/2023 12:59:19

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/11/2023 12:59:29



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Dirección Xeral de Xustiza está a excluír indebidamente das bolsas de interinos a aquelas persoas que cumpren os 65 anos ao estimar erroneamente esta idade como a de xubilación forzosa.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista facémonos eco da denuncia reiterada dun dos principais sindicatos de Xustiza que non entende como a Xunta de Galicia está a facer unha interpretación da lei tan discriminatoria.

Se temos en conta a lexislación vixente e a xurisprudencia do T.S. queda claro que a diferenza do que acontece co persoal pertencente ao réxime de clases pasivas, cuxa idade de xubilación forzosa é de 65 anos, a idade de xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no réxime xeral da seguridade social, no que se atopa o persoal interino ao servizo da administración de xustiza, será a que prevexan as normas reguladoras de dito réxime para o acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade, e que en 2023 é de 66 anos e 4 meses.

Entendemos que a situación que está a provocar esta interpretación da norma xeral unha gran desprotección e discriminación a estes funcionarios/as, moitos/as dos cales non poden acceder a estas bolsas ou son expulsados dela



por ter cumprido os 65 anos, pero tampouco pode percibir a pensión de xubilación na súa modalidade contributiva por non ter a idade de xubilación forzosa.

O Goberno galego ten que corrixir de forma urxente a anomalía que está a causar esta forma de proceder e cumprir o criterio de “idade de xubilación forzosa” para limitar o acceso ás bolsas de traballo de persoal interino nos corpos xerais ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a aplicar o criterio de idade de xubilación forzosa que no ano 2023 é de 66 anos e 4 meses, para limitar o acceso ás bolsas de traballo de persoal interino nos corpos xerais ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia.

Santiago de Compostela, 21 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2023 13:09:53
Nº Rexistro: 62547
Data envío: 22/11/2023 13:09:53,080

Paloma Castro Rey na data 22/11/2023 13:05:16

Pablo Arangüena Fernández na data 22/11/2023 13:05:24

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/11/2023 13:05:33

CSV: BOPGDSPG-02Rr\NahP-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
229796

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Marina Ortega Otero, Eduardo Ojea Arias e Julio Torrado Quintela**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A POIG (Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia) traballa a diario para blindar os dereitos da infancia en Galicia. Lamentablemente na actualidade moitas nenas e nenos galegos teñen vulnerados os seus dereitos. Aldeas Infantiles mide esta vulneración de dereitos infantís en base á Convención de los Derechos del Niño de 1989, tratado onde se recolleron todos os dereitos dos nenos e nenas baseados en catro principios: á non discriminación, o interese superior do menor, o dereito á vida, á supervivencia e desenvolvemento, e o dereito á participación.

Varias das cuestións urxentes onde se vulneran de xeito flagrante os dereitos dos menores galegos son a discriminación que supón a infravivenda, a dificultade de acceso á educación e a situación de pobreza que padecen tantos nenos e nenas en Galicia, entre outras cuestións.

Máis de 93.000 menores galegos viven en risco de pobreza e exclusión social, o que supón que o 24,9 % dos galegos e galegas menores de 18 anos atópanse en risco ou exclusión, segundo os propios datos elaborados pola Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia. As familias monoparentais son das máis afectadas, a maioría encabezadas por mulleres, e polo tanto, os menores a cargo. Ademais, segundo os datos oficiais



trasladados no informe Instrumentos “Políticos y Financieros para la erradicación del chabolismo en España” elaborado pola Fundación Secretariado Gitano, indica que Galicia é a Comunidade Autónoma con maior porcentaxe de infravivenda ou chabolas sobre o total de vivendas. En concreto Galicia ten unha porcentaxe de 14,03 % de chabolismo, moi superior ao resto de comunidades autónomas do país. En concreto, en Galicia residen unhas 13.000 persoas, o 1,7 % do total das que viven en España. Delas a metade son menores de 16 anos, e destes o 40 % son menores de 6 anos.

O 50 % destes fogares nos que viven miles de menores de 16 anos, non teñen saneamento, o 75 % non teñen auga corrente, o 93 % destas familias viven en risco de pobreza, só o 39,5 % percibe algunha axuda pública, e nestas familias galegas existe un 99 % de pobreza infantil.

Tan só o 23,9 % teñen emprego, e deses tan só o 15 % corresponde a emprego feminino.

Por todo elo, é urxente que o Goberno galego atenda ás demandas da Plataforma de Organizacións de Infancia para executar as súas propostas para erradicar a pobreza e exclusión na infancia galega: un plan de apoio para as familias monoparentais, plan de impulso das zonas rurais e un plan de vivenda que garanta unhas condicións de habitabilidade dignas.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que a través das consellerías competentes elabore un plan integral galego polos dereitos da infancia, que conte cun proxecto de erradicación da infravivenda e chabolismo, con proiridade para familias con menores a cargo, cun plan de apoio para as familias monoparentais e cun proxecto de impulso das zonas rurais.

Santiago de Compostela, 22 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 22/11/2023 13:27:47

Eduardo Ojea Arias na data 22/11/2023 13:27:57

Julio Torrado Quintela na data 22/11/2023 13:28:05

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/11/2023 13:28:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Daniel Castro García** e da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a situación do Centro de Saúde do Vicedo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os veciños e veciñas do concello do Vicedo están a sufrir as eivas da precaria situación que atravesamos a atención primaria galega e máis concretamente a mariñá. Pero se nos centramos no Centro de Saúde do Vicedo vemos como este carece de médico ou médica desde hai tempo.

Nas últimas semanas cubriuse parcialmente o servizo, máis non é suficiente. Receitas, tramitación de altas e baixas e ou analíticas que son trámites cotiáns dos que precisan os veciños e veciñas do Vicedo, acaban por transformarse nunha auténtica odisea.

Alén disto, nos últimos días os veciños e veciñas do Vicedo tiñan que percorrer media comarca da Mariña en busca de atención, xa que, desde O Vicedo derívanos a Viveiro, mais a situación volveuse repetir, xa que tampouco hai médicos.

O seguinte paso é Burela, que sofre os efectos de que O Vicedo, Ourela e Viveiro teñan que colapsar o Hospital. Queda claro que esta atención primaria non é de calidade e moito menos non é a que merecen os veciños dos tres concellos que sen dúbida





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

algunha decidiron sumarse a unha manifestación masiva en protesta pola situación da sanidade pública que se realizou no concello de Viveiro.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a cubrir o servizo de médico sempre e non parcialmente no Vicedo e a ofrecer o servizo de pediatria de forma continuada no PAC de Viveiro.”

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2023

Asdo.: **Daniel Castro García**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 23/11/2023 09:42:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 23/11/2023 09:46:16

Olalla Rodil Fernández na data 23/11/2023 09:46:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmela González Iglesias, Montserrat Prado Cores e Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a falta de persoal facultativo no Centro de Saúde de Gondomar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O persoal do centro de saúde de Gondomar trasladou recentemente un comunicado en que manifestaba o seu profundo malestar pola situación que se están a vivir. Así, trasladaban que:

- Desde o día 16 de xaneiro está sen cubrir unha praza de medicina xeral, inicialmente con motivo dunha baixa laboral e desde o 29 de setembro por xubilación. Esta praza ía ser cuberta, despois de 9 meses, no mes de outubro, pero, segundo a información que lle acaban de pasar, até o mes de febreiro non se vai a producir ningunha incorporación á mesma. Neses momentos a praza levará baleira 13 meses.
- Ademais, desde o 30 de xuño hai outra ausencia, neste caso por maternidade, que tampouco se substituíu e que se vai a prolongar tamén ata febreiro-marzo.

Estas dúas ausencias provocan que haxa parte da poboación que non está debidamente atendida, xa que ao non haber substituto/a, son atendidos cada día por un profesional distinto, cos prexuízos que isto ocasiona.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, o ter que asumir os pacientes dos médicos ausentes provoca unha sobrecarga nos que continúan traballando, coa consecuente deterioración da calidade asistencial, o cansazo acumulado ao longo de tantos meses e o risco para a saúde dos propios profesionais.

Os profesionais trasladan que a cobertura por medio das chamadas “prolongacións de xornada”, se ben en casos de ausencias curtas por vacacións ou días libres poden ser unha solución aceptable, en axendas con 26 pacientes nas que non se contemplan nin urxencias nin atencións a domicilio, resultan de xeito evidente insuficientes para as necesidades de tantos meses. E a esta situación hai que engadir que os profesionais teñen días de vacacións, de asuntos propios, de asistencia a cursos, co que a esas dúas ausencias hai que lles sumar as ausencias puntuais doutros.

As deficiencias na atención primaria no Centro de Saúde de Gondomar pola non substitución das baixas ou vacacións do persoal facultativo e sanitario, que xa provocara o peche do centro de saúde en horario de tarde no mes de agosto, está a provocar un grave deterioro na atención sanitaria na localidade e fai evidente o risco para a saúde das persoas usuarias do CS de Gondomar.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a cubrir de xeito inmediato todas as prazas do persoal facultativo do centro de saúde de Gondomar que se atopa de baixa médica, permiso maternal, vacacións, permisos, etc. co obxectivo de garantir unha atención sanitaria que garanta a saúde das persoas usuarias e unha condicións laborais que eviten a sobrecarga do persoal facultativo.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2023

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Montserrat Prado Cores

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 23/11/2023 12:40:11

María Montserrat Prado Cores na data 23/11/2023 13:02:37

Alexandra Fernández Gómez na data 23/11/2023 13:02:40

Olalla Rodil Fernández na data 23/11/2023 13:03:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Daniel Pérez López**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa ao endebedamento de Galiza e ás actuacións nas que debe colaborar o Goberno galego para atender un dos principais problemas económicos do noso país.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A débeda pública galega é un dos principais problemas económicos da Galiza de hoxe e da Galiza do futuro. Na orixe e existencia deste problema hai dúas patas fundamentais. Dunha banda, un modelo económico de relación co Estado español absolutamente inxusto e centralista, polo cal Galiza, ademais de ter un sistema financiamento inxusto e cuxa revisión leva bloqueada unha década, vese sometida desde a crise financeira de 2008 a un marco inxusto de reparto do déficit que limita o seu autogoberno e brinda maior capacidade ao Estado malia non ser o responsable dos servizos públicos esenciais. Este marco foi unicamente flexibilizado na etapa da crise da covid-19 prevéndose a súa recuperación total no inmediato. Doutra banda, hai unha responsabilidade fundamental na mala xestión económica do Partido Popular, que triplicou a débeda ao tempo que non preservou os servizos públicos dos efectos das crises económicas nin apostou pola transformación económica do noso país.

Así as cousas, segundo os últimos datos do Protocolo de Déficit Excesivo das Administracións Públicas que elabora periodicamente o Banco de España o noso país





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ten unha débeda de 12.333 millóns de euros, a segunda cifra máis alta da historia, acadada tamén no ano 2023. Así mesmo, a isto habería que sumar as colaboracións público privadas, que no Proxecto de Orzamentos para 2024 se sitúa en 1.906,3, o que nos dá unha cifra total de 14.239,3 M€ de débeda total nunha estimación conservadora e sen termos en conta as advertencias do Consello de Contas na última Conta Xeral avaliada, respecto de 2021, na que advirte da falta de transparencia verbo destas colaboracións e eleva a estimación do seu importe por riba dos 18.000 millóns.

A evolución da débeda é preocupante nun duplo sentido. Dunha banda, polo que supón de impacto para as finanzas públicas e máis aínda toda vez que a súa comisión non corrixiu desigualdades sociais e territoriais. Doutra banda, o reparto inxusto da débeda entre as administracións, por mor dun sistema centralista mediante o cal aínda que o Estado acapara para si a maior capacidade de endebedamento, non ten un trato xusto acorde co reparto de recursos en función do reparto de competencias. Esta cuestión, que lastrou de forma importante a Galiza na crise financeira, é novamente un debate importante e necesario toda vez que dunha banda se reabriu no ámbito do Estado a negociación respecto do Fondo de Liquidez Autonómica e, asemade, estamos a volver á senda de déficit que foi flexibilizada durante a pandemia da covid-19 e a primeira fase da crise da inflación.

No marco destas circunstancias, no Debate sobre o Estado da Nación de 2023 os grupos parlamentarios dos Populares de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego chegaron a un acordo político a respecto das eivas do sistema de financiamento e da demanda dun trato xusto para Galiza na súa negociación e na negociación das débedas das comunidades de réxime común. Dito acordo, recollía os seguintes termos “O *Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a demandar do Goberno de España a urxente convocatoria do Consello de Política Fiscal e Financeira, onde se aborde a reforma do modelo de financiamento autonómico, no que Galicia traballará a prol de*





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

avanzar no autogoberno económico e financeiro para blindar o autogoberno e garantir uns servizos públicos de calidade e as necesidades de transformación económica, defendendo unha financiación xusta para Galicia, mellorando a proposta actual de poboación axustada e para defender a ponderación adecuada dos sobrecustes que a dispersión e o envellecemento implican na prestación dos servizos públicos galegos, así como doutros factores que condicionan o desenvolvemento socioeconómico galego. Así mesmo, defenderase a valoración un modelo xusto de Financiamento Local que supere a discriminación histórica dos concellos galegos e no caso de condonación ás comunidades que se adheriran ao FLA, se compense equitativamente ás comunidades que non o fixeron.”

O nacionalismo galego, en coherencia coa súa demanda da Axenda Galega no Estado e dun trato xusto para o noso país e en coherencia co respecto e seguimento dos acordos políticos emanados da cámara galega, conseguiu un acordo de investidura que compromete ao novo goberno do Estado a que en caso de condonacións totais ou parciais da débeda adquirida por CC.AA. adheridas ao Fondo de Liquidez Autonómica, establecemento de medidas compensatorias análogas para a Galiza.

O acordo impulsado polo Bloque Nacionalista Galego abre a porta a avanzar na resolución dun dos principais problemas de Galiza e hipoteca para xeracións e gobernos futuros, máis aínda nun momento de novas restricións de gasto e retirada dos recursos extraordinarios de financiamento dos que gozou o goberno da Xunta desde o ano 2020. É preciso que o goberno galego actúe desde unha posición de país, sen subordinarse á estratexia estatal do Partido que o forma, e defenda os intereses dos galegos e galegas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a non obstaculizar as vías políticas de redución da débeda da comunidade e impulsar as seguintes actuacións:

1. Aproveitar a vía que abriu o Bloque Nacionalista Galego e dirixirse ao Goberno do Estado para que Galiza reduza a súa débeda e avance nunhas finanzas máis fortes.

2. Impulsar unha auditoría independente da débeda pública galega na que se analice pormenorizadamente as condicións de adquisición desde o ano 2009.”

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 23/11/2023 13:13:03

Ramón Fernández Alfonzo na data 23/11/2023 13:18:31

Daniel Pérez López na data 23/11/2023 13:18:40

Ana Pontón Mondelo na data 23/11/2023 13:19:27



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Gonzalo Caballero Miguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema sanitario público galego recibe unha alta demanda asistencial e cómpre que a Consellería de Sanidade fortaleza o Sergas para dar unha atención axeitada e áxil á cidadanía galega cando necesita asistencia sanitaria. Cómpre fortalecer a atención primaria, as urxencias e tamén a atención hospitalaria nas distintas áreas sanitarias.

Na área sanitaria de Vigo, o pasado luns 13 de novembro as urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro experimentaron unha altísima presión asistencial: houbo 530 entradas en menos de 24 horas, concentrándose ata 150 entradas no prazo de dúas horas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

- Analizar a situación e causas da alta demanda asistencial no servizo de urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, acusado en días como o 13 de novembro, e detectar se a debilidade da atención primaria na



área sanitaria de Vigo explica parte da asistencia da cidadanía aos servizos de urxencia.

- Adoptar as medidas precisas para fortalecer a atención primaria na área sanitaria de Vigo e aquelas medidas necesarias para mellorar o servizo de urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro.

Santiago de Compostela, 23 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/11/2023 13:16:59

Julio Torrado Quintela na data 23/11/2023 13:17:09

Marina Ortega Otero na data 23/11/2023 13:17:18

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/11/2023 13:17:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre o funcionamento consello de Bioética de Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello de Bioética de Galicia configúrase como un órgano colexiado de carácter permanente, consultivo, interdisciplinar e independente que ten como finalidade asesorar, nos aspectos éticos da práctica sanitaria do Sistema de saúde de Galicia, as entidades, organizacións e institucións de carácter sanitario, tanto públicas como privadas, e ser foro de referencia do debate bioético na sociedade galega.

O obxectivo deste consello é velar pola protección dos dereitos fundamentais no ámbito sanitario galego, e entre as súas funcións están asesorar e orientar á Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde en materia de bioética, emitir informes e realizar estudos sobre as cuestións de bioética que lle sexan suxeridas ou que considere de interese para a comunidade sanitaria galega a Consellería de Sanidade, ser órgano de referencia en materia de bioética para os Comités de Ética Asistencial ou colaborar na elaboración e harmonización de normas e protocolos de actuación que atinxen a cuestións bioéticas, promover, no ámbito sanitario, a formación e a consideración da bioética como criterio de calidade e boa práctica profesional, contribuír á información e favorecer o debate da cidadanía sobre as dimensións éticas e sociosanitarias da práctica





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

asistencial, calquera outra que lle fose encomendada pola persoa titular da Consellería con competencias en materia de sanidade.

A pesares da relevancia das funcións recoñecidas, sorprende o desleixo e a desconsideración mostrada cara a mesma por parte do Goberno galego, ao non solicitarlle informes, ou ser ignorada en cuestións que están dentro das súas competencias: Guía Técnica Asistencial da Prestación de Axuda Médica para Morrer, protocolo sobre o procedemento para a realización da prestación de axuda para morrer, decreto 101/2021, do 8 de xullo, polo que se crea a Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia da Comunidade Autónoma de Galicia, Estratexia para a xestión do cancro en Galicia, Estratexia galega de saúde comunitaria de Atención Primaria, plan de atención domiciliaria, plan estratéxico de transformación e saúde dixital 2023-2026, posta en marcha e pilotaxe do sistema XIDE, decreto de Sanidade Mortuoria de Galicia, a aprobación da Estratexia Galega de Saúde 2023-2030 ou o recente nomeamento pola Xunta do Consello Asesor sobre o uso ético da Intelixencia Artificial para o que non se contou coa Comisión Galega de Bioética.

A isto hai que engadir a desconsideración con propostas que ten realizado, a demora, ou non contestación, a comunicacións realizadas; en paralelo asistimos ao longo do tempo a renuncias de membros do mesmo, na actualidade están sen nomear varios, e funciona sen presidencia dende hai máis dun ano.

O CEIP Petelos existe preocupación pola aparición de gretas na cimentación. Ademais existen filtracións de auga na zona do ascensor que provoca frecuentes cortocircuitos, polo que é necesario un illamento urxente para garantir a accesibilidade do centro.

O CEIP Mestre Martínez Alonso e o CEIP Mestre Valverde Mayo precisan dun cambio de ventás urxentes, xa que son as mesmas que se instalaran na súa construción sen a necesaria rotura térmica para un centro educativo actual, e da mellora das condicións do pavimento no patio.

En definitiva, a situación dos centros educativos en Mos é o resultado de anos de deixación de funcións por parte da administración galega en que non se puxeron as medidas necesarias para garantir unha adecuada atención e calidade dos servizos educativos nos centros públicos.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

- Considera a Xunta de Galiza adecuada a situación das infraestruturas nos centros educativos públicos?
- Que valoración fai a Xunta de Galiza da saturación do IES de Mos?
- Vai aumentar o profesorado do centro para baixar a actual ratio?
- Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para paliar as carencias e degradacións dos centros públicos de Mos?
- Que valoración fai sobre os distintos problemas infraestruturais sinalados?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Tiña a Xunta coñecemento destes?
- Vai pór medidas para solucionar cada un deles?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 21/11/2023 11:01:13

Cristina Fernández Davila na data 21/11/2023 11:01:18



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Ocupando en Galicia, as masas de frondosas, un 29 % da superficie arborada, apenas supoñen o 3 % das cortas de madeira anual, o que dá idea da súa infrautilización.

A súa taxa de aproveitamento anual actual supón apenas un 15 % do crecemento anual, o cal quere dicir que a súa taxa de aproveitamento sostible, podería ser cando menos 6 veces superior, pasando das case aproximadamente 270 mil toneladas de corta anual, a practicamente 1,5 millóns de toneladas ao ano.

As frondosas caducifolias en Galicia carecen actualmente dun plan de aproveitamento, orientado a mellorar a súa calidade. A pouca madeira destas especies que se vén cortando correspóndese basicamente con madeiras de escasa calidade, que se destinan a consumo doméstico como leñas (un 17 % aproximadamente), unha minoría a industrias de aserrado e chapa (un 25 % adicional) e o resto (un 68 %) como madeira de trituración principalmente para a industria de taboleiros, xa que non ten calidade para usos de maior valor engadido.

O gran reto de mobilización desta madeira é achegar a este grupo de especies a xestión forestal sostible. De xeito que estas masas teñan non só un valor medioambiental, senón tamén económico. O cal facilitaría a súa vez o interese do propietario forestal no seu uso, promoción e mellora, e redundaría nun mellor estado forestal do monte e de saúde.



Polo tanto, entendemos que este plan debe de ter como horizonte:

- Medidas de silvicultura, con actuacións específicas nas masas de frondosas, para aumentar o seu valor engadido, e diminuír o risco de incendios forestais.
- Medidas de mellora xenética, de xeito que se poida mellorar a calidade dos materiais de reprodución, de forma que resistan mellor as enfermidades e sexan máis produtivos.
- Medidas para o uso da madeira de frondosas en produtos de alto valor engadido, para o cal se debe de realizar programas específicos para aspectos de innovación que apoien novos procesos e produtos a partir destas especies.
- Medidas de sanidade vexetal, para a protección e o combate das principais pragas e enfermidades que afectan a estas masas (cancro, tinta, avispiña do castiñeiro, Altica, quercetorum no caso das carballeiras e rebolos, tinta dos ameneiros).

Deben de desenvolverse, e incluso ampliarse os obxectivos de intervención fixados no Plan Forestal de Galicia, de xeito que se dediquen recursos do PEPAC ao coidado e mellora destas masas no actual período de programación 2023-2027 dos fondos europeos.

Polo exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cales son as causas da infrautilización da madeira de frondosas caducifolias en Galicia?



2. Valora o Goberno galego realizar un plan de aproveitamento de frondosas caducifolias para aumentar a súa calidade?
3. Vai emprender o Goberno galego actuacións específicas nas masas de frondosas para aumentar o seu valor engadido, e diminuír o risco de incendios forestais?
4. De ser positiva a anterior resposta, que medidas vai a por en marcha o Goberno galego?
5. Considera o Goberno galego necesarias medidas de mellora xenética, de xeito que se poida mellorar a calidade dos materiais de reprodución, de forma que resistan mellor as enfermidades e sexan máis produtivas?

Santiago de Compostela, 21 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 21/11/2023 11:10:39

Martín Seco García na data 21/11/2023 11:10:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Xosé Luis Rivas Cruz e Diego Lourenzo Moura, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A produción vitícola na Ribeira Sacra dáse dentro dun ecosistema milenario que perdura dende que “probablemente” os romanos trouxeran a *vitis vinifera*, Os últimos estudos de investigación divulgados este mesmo ano sitúan os socalcos máis antigos no s. VII (río Lor). En calquera caso, este cultivo conta con continuidade dende a Idade Media cando as ordes relixiosas favoreceran e apostaran polo cultivo da vide.

A estas alturas este tipo de cultivo denominado “viticultura heroica” que se desenvolve na Ribeira do Miño, do Sil, do Cabe e do Bibei con disposición en bancais, muras, socalcos, etc denominacións que dependen do tipo e da zona onde se desenvolven, é coñecida en todo o mundo e cumpre uns requisitos “de dificultad manual” e de mantemento do territorio e da paisaxe, que aínda que non é única, si é idiosincrática, particular e corre perigo de se extinguir.

A Riberia Sacra enclávase xeograficamente no sul de Lugo e na zona norte de Ourense, unha zona moi extensa con perda de poboación sostida no tempo, pobres vías de comunicación, pouca ou ningunha industria, polo tanto o que lle queda para crear tecido socioenómico é o sector servizos e as producións primarias, que por zonas poden estar máis relacionadas coas actividades agrogandeiras e como neste caso, coa produción vitivinícola.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A perda demográfica, a elevada idade da poboación foron conducindo ao abandono das viñas nas Ribeiras máis achegadas ao río e polo tanto con máis desnivel que desgrazadamente foron perdendo as muras e enchéndose de arboredo autóctono que agora dificulta ou imposibilita o cambio de usos e polo tanto os intentos de recuperación. A este perigo de deserto poboacional engádeselle a falta de relevo poboacional, como resultado dun modelo de séculos que foi denostando o sector primario, e a quen vive del.

Son as e os viticultores os que coidan e manteñen estes ecosistemas, aguantando contra vento e marea as novas que trae Europa, o cambio climático, políticas de entrega do territorio a grandes promotores, etc, son os que sosteñen a actividade nas adegas e polo tanto son a base para que o viño desta zona xere economía, tan necesaria. Os viticultores que se enfrontan a todos estes cambios no seu 80% teñen idades por riba dos 60 anos, polo que resulta moi importante apoialos e fomentar que as persoas novas se incorporen a esta actividade, o que significa a diferenza entre que a Ribera Sacra tal e como a coñecemos poida ter futuro, xa que hai un severo risco de abandono nas zonas máis baixas das ribeiras.

Nos últimos anos os viticultores sosteñen unha loita contra os elementos, dende Europa as exixencias sobre os coidados medio ambientais reducen ou manteñen as axudas en relación coa redución do uso dos tratamentos fitosanitarios, o cal en moitas ocasións se fai imposible debido aos cambios na climatoloxía en relación co cambio climático, elevadas temperaturas con elevados niveis de humidade, períodos de seca que provocan enfermidades fúnxicas que non se resolven soas, outras veces alternan con outros períodos de treboadas con pedra que destrúen as vides, ou mesmo a vespa velutina nalgúns zonas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai que sinalar que a dependencia entre a produción primaria e as adegas é enorme, polo que o tratamento destes problemas entendemos que as problemáticas non se poden tratar de xeito independente.

Dito isto podemos concluír que se precisa un gran plan para garantir a supervivencia integral dende o punto de vista humano, paisaxístico e produtivo da Ribeira Sacra, entendendo isto como o deseño de actuacións nos diversos sectores que xeran economía nesta zona do país .

O goberno da Xunta, dende a Consellería de Medio Rural está fomentando a recuperación de terras ao abeiro da LRTAG, que en moitos casos se converte en acaparáción de terras a mans de grandes adegas de modo que poden xuntar centos de hectáreas despois de eliminar calquera rastro das estruturas tradicionais para crear outras novas con distintas características e sempre evitando as zonas de cultivo máis complexas, é dicir, as máis achegadas ó río. Isto actúa en contra dos viticultores tradicionais que para xuntar unhas poucas hectáreas teñen que conformarse con telas diseminadas en varias viñas, o que os fai menos competitivos.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Van vostedes planificar integralmente medidas equilibradas para o mantemento da tradición e modernidade nos sectores produtivos na Ribeira Sacra, especialmente no sector vitivinícola?

Que sectores produtivos consideran imprescindibles para a Ribeira Sacra máis alá do vitivinícola e o turismo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consideran que o sector secundario ten o suficiente apoio no territorio e conta co suficiente solo industrial?

Teñen en conta que o problema da falta de vivenda pode ser unha eiva á hora de que os e as produtoras poidan atopar persoas que se asenten e traballen na zona, como pensan resolver este asunto?

Que medidas están dispostos a poñer en marcha para promocionar a recuperación da paisaxe vitícola tradicional nas zonas onde as muras están desfeitas e as viñas cubertas de árbores autóctonas que están aí unicamente polo abandono?

Consideran que é fundamental apoiar especificamente o rexuvenecemento dos e das viticultoras xunto coa súa profesionalización e de ser así como pensan facelo?

Sería oportuno que dende a Xunta de Galiza se apoie o asesoramento público-privado para que os e as habitantes da Ribeira Sacra en idade produtiva poidan coñecer e solicitar calquera axuda que manteña vivo o tecido socioeconómico en tódolos seus concellos, recuperando e fixando poboación?

Poden facilitarnos información sobre os proxectos que o GDR Ribeira Sacra-Courel apoia na zona e que liña de apoios é máis forte e se repercute efectivamente na creación de riqueza e polo tanto na mellora integral da Ribeira Sacra?

Están a apoiar suficientemente o turismo de calidade en relación coas producións primarias do sector agrogandeiro e máis co do sector vitivinícola? Por que non favorecen a diversificación de rendas, tirando proveito do turismo para a poboación local ?

Que beneficios aportaría para o territorio e os seus habitantes que a Ribeira Sacra fose declarada como patrimonio cultural da humanidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

Diego Lourenzo Moura

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 21/11/2023 16:39:31

Xosé Luis Rivas Cruz na data 21/11/2023 16:39:36

Diego Lourenzo Moura na data 21/11/2023 16:40:36



Á MESA DO PARLAMENTO

Martín Seco García, Carmen Rodríguez Dacosta e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

Hai poucas datas soubemos das intencións da USC, que anunciou unha reestruturación do Campus Terra de Lugo que suprimía os graos de Paisaxe e Enxeñaría Civil o de Procesos Químicos, así como a conversión en interuniversitarios dos emblemáticos graos de Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e o de Enxeñaría Forestal e do medio natural no ano 2025, todos eles presentes na oferta educativa da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, menos o de Procesos Químicos que se imparte na Facultade de Ciencias.

Este anuncio tivo contestación por parte da comunidade universitaria, as institucións e a sociedade lucense, que denunciaron o duro golpe que esta situación causaría no desenvolvemento económico, social e científico da cidade e da provincia de Lugo, xa que estamos a falar de ensinanzas que son parte fundamental do propio Campus de Lugo, ligadas á súa mesma creación, progresión e avances e tamén ligadas ao tecido social e económico da provincia de Lugo, que, sendo eminentemente rural, ten no sector agrogandeiro e forestal un factor imprescindible para seguir avanzando, e por iso debe contar coa formación e a investigación universitarias no propio territorio

A dita contestación fixo que se aprazase temporalmente a decisión por parte da USC, pero existe unha ameaza latente sobre o futuro do Campus Terra como espazo docente e de investigación científica que implica a dous terzos do alumnado e pon en perigo titulacións fundamentais no proceso de



especialización do campus, cunha perda específica do recoñecemento internacional, xa que os graos de agrícola, forestal e os mestrados asociados ás ditas enxeñerías perderían o selo EUR-ACE que acredita a súa excelencia, o que implicaría unha perda de competitividade ao ser compartidas con outras universidades e tamén para outros graos da Politécnica que contan con este distintivo europeo, polo que o Campus Terra necesita de certezas por parte da Administración autonómica para a súa continuidade e non vivir en continua ameaza.

O Goberno galego debe demostrar se realmente está implicado no combate contra o envellecemento e despoboamento que sufrimos na Galicia interior, e para iso a fórmula non pode ser recortar ou afastar a formación, senón todo o contrario, amplialas e achegalas ao territorio para conseguir fixar e atraer poboación. Tampouco resulta aceptable que se utilice como xustificación para suprimir graos o número de matrículas, pois, nun ámbito como a educación, hai que priorizar a rendibilidade social, o retorno que ten a oferta académica para a sociedade e para o tecido produtivo en termos de transferencia de coñecemento, de impulso á innovación e ao desenvolvemento, e de xeración de riqueza.

Cada ano que pasa Galicia conta con menos explotacións agrarias e cunha preocupante falla de relevo xeracional, que ten os peores datos de superficie agraria útil de todo o estado, cunha transformación mínima das materias primas nas que somos unha potencia como o leite e a madeira, cunha ameaza dos lumes forestais que campan ás súas anchas nun territorio rural abandonado e cun déficit de técnicos en materia agraria e forestal que están a chegar á propia administración, sería desexable que o Goberno galego se implicase na promoción e impulso da formación agraria para mellorar a captación de alumnos e seguir contando co único campus de España que conta cunha facultade de veterinaria e unha escola politécnica que imparte formación agraria e forestal.



Por todo o antedito, interpelamos ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cales son as iniciativas que vai a adoptar o Goberno galego para acabar coa espada de Damocles que ameaza o futuro do Campus Terra de Lugo?
2. Vai cambiar o Goberno galego o Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, nomeadamente no que se refire a estudantes de novo ingreso, de xeito que se garanta a continuidade dos estudos mencionados?
3. Considera o Goberno galego que existe un déficit de técnicos en materia agrogandeira e forestal en Galicia?

Parlamento de Galicia, 21 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 21/11/2023 18:34:38

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 21/11/2023 18:34:52

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/11/2023 18:35:04



Á MESA DO PARLAMENTO

Pablo Arangüena Fernández e **Paloma Castro Rey**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

A Lei de acción exterior e cooperación internacional de Galicia do ano 2021, seguindo a estela da lei estatal, establece a necesidade de programar a acción exterior galega, incorporando para iso medidas e mecanismos como a elaboración da EGAEX, ademais da rendición de contas, coa obriga de comparecer no Parlamento a explicar determinadas actuacións e de elaborar determinados informes con certa periodicidade. Tamén abondou na necesidade de coordinación dunha materia tan transversal como a política exterior.

Transcorridos xa máis de dous anos de vixencia desa lei, cómpre recoñecer que as súas boas intencións quedáronse en intencións, adolecendo a política exterior galega de falta de coordinación, programación, rendición de contas, avaliación e transparencia.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. É consciente o Goberno de Galicia da falta de coordinación, avaliación e coherencia da acción exterior de Galicia?
2. Considera o Goberno de Galicia que a aprobación da Lei de acción exterior de Galicia supuxo algún tipo de mellora na acción exterior da nosa comunidade?



3. En caso afirmativo, a que melloras concretas deu lugar?

4. A que cambios concretos deu lugar a aprobación da Lei de acción exterior de Galicia no ámbito das políticas públicas galegas?

Parlamento de Galicia, 22 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 22/11/2023 11:26:46

Paloma Castro Rey na data 22/11/2023 11:27:04



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Dirección Xeral de Xustiza está a excluír indebidamente das bolsas de interinos a aquelas persoas que cumpren os 65 anos ao estimar erroneamente esta idade como a de xubilación forzosa.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista facémonos eco da denuncia reiterada dun dos principais sindicatos de Xustiza que non entende como a Xunta de Galicia está a facer unha interpretación da lei tan discriminatoria.

Se temos en conta a lexislación vixente e a xurisprudencia do T.S. queda claro que a diferenza do que acontece co persoal pertencente ao réxime de clases pasivas, cuxa idade de xubilación forzosa é de 65 anos, a idade de xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no réxime xeral da seguridade social, no que se atopa o persoal interino ao servizo da administración de xustiza, será a que prevexan as normas reguladoras de dito réxime para o acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade, e que en 2023 é de 66 anos e 4 meses.

Entendemos que a situación que está a provocar esta interpretación da norma xeral unha gran desprotección e discriminación a estes funcionarios/as, moitos/as dos cales non poden acceder a estas bolsas ou son expulsados dela por ter cumprido os 65 anos, pero tampouco pode percibir a pensión de xubilación na súa modalidade contributiva por non ter a idade de xubilación forzosa.



O Goberno galego ten que corrixir de forma urxente a anomalía que está a causar esta forma de proceder e cumprir o criterio de “idade de xubilación forzosa” para limitar o acceso ás bolsas de traballo de persoal interino nos corpos xerais ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Como xustifica o goberno da Xunta de Galicia a situación dun funcionario interino de Xustiza expulsado da bolsa por cumprir 65 anos, pero sen poder acceder á pensión de xubilación contributiva por non ter a idade legal para elo?
2. Por que non cumpre o Goberno galego o establecido na lexislación vixente ou na xurisprudencia do T.S. en relación á idade de xubilación forzosa do persoal funcionario interino incluído no réxime xeral da Seguridade Social, que son 66 anos e 4 meses?

Santiago de Compostela, 21 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2023 13:10:04
Nº Rexistro: 62548
Data envío: 22/11/2023 13:10:04.643

Paloma Castro Rey na data 22/11/2023 13:04:52

Pablo Arangüena Fernández na data 22/11/2023 13:05:01

CSV: BOPGDSPG-02Rr\NahP-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
229919

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Marina Ortega Otero, Eduardo Ojea Arias e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A POIG (Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia) traballa a diario para blindar os dereitos da infancia en Galicia. Lamentablemente na actualidade moitas nenas e nenos galegos teñen vulnerados os seus dereitos. Aldeas Infantiles mide esta vulneración de dereitos infantís en base á Convención de los Derechos del Niño de 1989, tratado onde se recolleron todos os dereitos dos nenos e nenas baseados en catro principios: á non discriminación, o interese superior do menor, o dereito á vida, á supervivencia e desenvolvemento, e o dereito á participación.

Varias das cuestións urxentes onde se vulneran de xeito flagrante os dereitos dos menores galegos son a discriminación que supón a infravivenda, a dificultade de acceso á educación e a situación de pobreza que padecen tantos nenos e nenas en Galicia, entre outras cuestións.

Máis de 93.000 menores galegos viven en risco de pobreza e exclusión social, o que supón que o 24,9 % dos galegos e galegas menores de 18 anos atópanse en risco ou exclusión, segundo os propios datos elaborados pola Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia. As familias monoparentais son das máis afectadas, a maioría encabezadas por mulleres, e polo tanto, os menores a cargo. Ademais, segundo os datos oficiais trasladados no informe Instrumentos “Políticos y Financieros para la erradicación del chabolismo en España” elaborado pola Fundación Secretariado Gitano, indica que Galicia é a Comunidade Autónoma con maior porcentaxe de infravivenda ou chabolas sobre o total de vivendas. En concreto



Galicia ten unha porcentaxe de 14,03 % de chabolismo, moi superior ao resto de comunidades autónomas do país. En concreto, en Galicia residen unhas 13.000 persoas, o 1,7 % do total das que viven en España. Delas a metade son menores de 16 anos, e destes o 40 % son menores de 6 anos.

O 50 % destes fogares nos que viven miles de menores de 16 anos, non teñen saneamento, o 75 % non teñen auga corrente, o 93 % destas familias viven en risco de pobreza, só o 39,5 % percibe algunha axuda pública, e nestas familias galegas existe un 99 % de pobreza infantil.

Tan só o 23,9 % teñen emprego, e deses tan só o 15 % corresponde a emprego feminino.

Por todo elo, é urxente que o Goberno galego atenda ás demandas da Plataforma de Organizacións de Infancia para executar as súas propostas para erradicar a pobreza e exclusión na infancia galega: un plan de apoio para as familias monoparentais, plan de impulso das zonas rurais e un plan de vivenda que garanta unhas condicións de habitabilidade dignas.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que medidas tomou o Goberno galego para erradicar o chabolismo en Galicia, tendo en conta que somos a Comunidade Autónoma máis afectada?
2. Consideran necesario un plan de impulso para as zonas rurais?
3. Porque o Goberno galego non elaborou un plan específico de apoio para familias monoparentais, despois de coñecer que son as familias máis afectadas nos datos de pobreza?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2023 13:33:06
Nº Rexistro: 62554
Data envío: 22/11/2023 13:33:06.674

Santiago de Compostela, 22 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 22/11/2023 13:27:16

Eduardo Ojea Arias na data 22/11/2023 13:27:26

Julio Torrado Quintela na data 22/11/2023 13:27:34

CSV: BOPGDSPG-02RrVNahP-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
229922

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ao endebedamento de Galiza e ás actuacións nas que debe colaborar o Goberno galego para atender un dos principais problemas económicos do noso país.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A débeda pública galega é un dos principais problemas económicos da Galiza de hoxe e da Galiza do futuro. Na orixe e existencia deste problema hai dúas patas fundamentais. Dunha banda, un modelo económico de relación co Estado español absolutamente inxusto e centralista, polo cal Galiza, ademais de ter un sistema financiamento inxusto e cuxa revisión leva bloqueada unha década, vese sometida desde a crise financeira de 2008 a un marco inxusto de reparto do déficit que limita o seu autogoberno e brinda maior capacidade ao Estado malia non ser o responsable dos servizos públicos esenciais. Este marco foi unicamente flexibilizado na etapa da crise da covid-19 prevéndose a súa recuperación total no inmediato. Doutra banda, hai unha responsabilidade fundamental na mala xestión económica do Partido Popular, que triplicou a débeda ao tempo que non preservou os servizos públicos dos efectos das crises económicas nin apostou pola transformación económica do noso país.

Así as cousas, segundo os últimos datos do Protocolo de Déficit Excesivo das Administracións Públicas que elabora periodicamente o Banco de España o noso país ten unha débeda de 12.333 millóns de euros, a segunda cifra máis alta da historia,





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acadada tamén no ano 2023. Así mesmo, a isto habería que sumar as colaboracións público privadas, que no Proxecto de Orzamentos para 2024 se sitúa en 1.906,3, o que nos dá unha cifra total de 14.239,3 M€ de débeda total nunha estimación conservadora e sen termos en conta as advertencias do Consello de Contas na última Conta Xeral avaliada, respecto de 2021, na que advirte da falta de transparencia verbo destas colaboracións e eleva a estimación do seu importe por riba dos 18.000 millóns.

A evolución da débeda é preocupante nun duplo sentido. Dunha banda, polo que supón de impacto para as finanzas públicas e máis aínda toda vez que a súa comisión non corrixiu desigualdades sociais e territoriais. Doutra banda, o reparto inxusto da débeda entre as administracións, por mor dun sistema centralista mediante o cal aínda que o Estado acapara para si a maior capacidade de endebedamento, non ten un trato xusto acorde co reparto de recursos en función do reparto de competencias. Esta cuestión, que lastrou de forma importante a Galiza na crise financeira, é novamente un debate importante e necesario toda vez que dunha banda se reabriu no ámbito do Estado a negociación respecto do Fondo de Liquidez Autonómica e, asemade, estamos a volver á senda de déficit que foi flexibilizada durante a pandemia da covid-19 e a primeira fase da crise da inflación.

No marco destas circunstancias, no Debate sobre o Estado da Nación de 2023 os grupos parlamentarios dos Populares de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego chegaron a un acordo político a respecto das eivas do sistema de financiamento e da demanda dun trato xusto para Galiza na súa negociación e na negociación das débedas das comunidades de réxime común. Dito acordo, recollía os seguintes termos “*O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a demandar do Goberno de España a urxente convocatoria do Consello de Política Fiscal e Financeira, onde se aborde a reforma do modelo de financiamento autonómico, no que Galicia traballará a prol de avanzar no autogoberno económico e financeiro para blindar o autogoberno e garantir*





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGU

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

uns servizos públicos de calidade e as necesidades de transformación económica, defendendo unha financiación xusta para Galicia, mellorando a proposta actual de poboación axustada e para defender a ponderación adecuada dos sobrecustes que a dispersión e o envellecemento implican na prestación dos servizos públicos galegos, así como doutros factores que condicionan o desenvolvemento socioeconómico galego. Así mesmo, defenderase a valoración un modelo xusto de Financiamento Local que supere a discriminación histórica dos concellos galegos e no caso de condonación ás comunidades que se adheriran ao FLA, se compense equitativamente ás comunidades que non o fixeron.”

O nacionalismo galego, en coherencia coa súa demanda da Axenda Galega no Estado e dun trato xusto para o noso país e en coherencia co respecto e seguimento dos acordos políticos emanados da cámara galega, conseguiu un acordo de investidura que compromete ao novo goberno do Estado a que en caso de condonacións totais ou parciais da débeda adquirida por CC.AA. adheridas ao Fondo de Liquidez Autonómica, establecemento de medidas compensatorias análogas para a Galiza.

O acordo impulsado polo Bloque Nacionalista Galego abre a porta a avanzar na resolución dun dos principais problemas de Galiza e hipoteca para xeracións e gobernos futuros, máis aínda nun momento de novas restricións de gasto e retirada dos recursos extraordinarios de financiamento dos que gozou o goberno da Xunta desde o ano 2020. É preciso que o goberno galego actúe desde unha posición de país, sen subordinarse á estratexia estatal do Partido que o forma, e defenda os intereses dos galegos e galegas.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións está a impulsar o goberno galego para aproveitar a vía que abriu o Bloque Nacionalista Galego para que Galiza reduza a súa débeda e avance nunhas finanzas máis fortes?

Cando vai deixar de obstaculizar que Galiza poida reducir unha parte da súa débeda e negociar co Estado a concreción dos seus termos?

Que valoración fai o goberno galego da hipoteca que deixa aos galegos e galegas e a futuros gobenros?

Cal é a valoración do goberno galego do impacto na débeda pública no futuro das finanzas galegas tendo en conta o cambio de contexto que se prevé cara 2024?

Como prevé abordar o hipotético descenso de recursos extraordinarios para 2024?

Como valora o goberno galego a volta á senda do déficit? Que condicións pensa negociar?

Como valora o aumento do endebedamento desde o inicio do seu goberno malia non ter servido para blindar os nosos servizos públicos e fortalecer o noso autogoberno?

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/11/2023 13:17:55

Ramón Fernández Alfonzo na data 23/11/2023 13:18:01

Daniel Pérez López na data 23/11/2023 13:19:11



Á MESA DO PARLAMENTO

Gonzalo Caballero Miguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O sistema sanitario público galego recibe unha alta demanda asistencial e cómpre que a Consellería de Sanidade fortaleza o Sergas para dar unha atención axeitada e áxil á cidadanía galega cando necesita asistencia sanitaria. Cómpre fortalecer a atención primaria, as urxencias e tamén a atención hospitalaria nas distintas áreas sanitarias.

Na área sanitaria de Vigo, o pasado luns 13 de novembro as urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro experimentaron unha altísima presión asistencial: houbo 530 entradas en menos de 24 horas, concentrándose ata 150 entradas no prazo de dúas horas.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

Como explica o goberno da Xunta de Galicia a alta demanda asistencial no servizo de urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo en días como o 13 de novembro?

Santiago de Compostela, 23 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

229928

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2023 13:20:54
Nº Rexistro: 62590
Data envío: 23/11/2023 13:20:54.227

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/11/2023 13:16:24

Julio Torrado Quintela na data 23/11/2023 13:16:33

Marina Ortega Otero na data 23/11/2023 13:16:42

CSV: BOPGDSPG-02RrVNahP-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
229929

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o funcionamento consello de Bioética de Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello de Bioética de Galicia configúrase como un órgano colexiado de carácter permanente, consultivo, interdisciplinar e independente que ten como finalidade asesorar, nos aspectos éticos da práctica sanitaria do Sistema de saúde de Galicia, as entidades, organizacións e institucións de carácter sanitario, tanto públicas como privadas, e ser foro de referencia do debate bioético na sociedade galega.

O obxectivo deste consello é velar pola protección dos dereitos fundamentais no ámbito sanitario galego, e entre as súas funcións están asesorar e orientar á Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde en materia de bioética, emitir informes e realizar estudos sobre as cuestións de bioética que lle sexan suxeridas ou que considere de interese para a comunidade sanitaria galega a Consellería de Sanidade, ser órgano de referencia en materia de bioética para os Comités de Ética Asistencial ou colaborar na elaboración e harmonización de normas e protocolos de actuación que atinxen a cuestións bioéticas, promover, no ámbito sanitario, a formación e a consideración da bioética como criterio de calidade e boa práctica profesional, contribuír á información e favorecer o debate da cidadanía sobre as dimensións éticas e sociosanitarias da práctica asistencial, calquera outra que lle fose encomendada pola persoa titular da Consellería con competencias en materia de sanidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A pesares da relevancia das funcións recoñecidas, sorprende o desleixo e a desconsideración mostrada cara a mesma por parte do Goberno galego, ao non solicitarlle informes, ou ser ignorada en cuestións que están dentro das súas competencias: Guía Técnica Asistencial da Prestación de Axuda Médica para Morrer, protocolo sobre o procedemento para a realización da prestación de axuda para morrer, decreto 101/2021, do 8 de xullo, polo que se crea a Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia da Comunidade Autónoma de Galicia, Estratexia para a xestión do cancro en Galicia, Estratexia galega de saúde comunitaria de Atención Primaria, plan de atención domiciliaria, plan estratéxico de transformación e saúde dixital 2023-2026, posta en marcha e pilotaxe do sistema XIDE, decreto de Sanidade Mortuoria de Galicia, a aprobación da Estratexia Galega de Saúde 2023-2030 ou o recente nomeamento pola Xunta do Consello Asesor sobre o uso ético da Intelixencia Artificial para o que non se contou coa Comisión Galega de Bioética.

A isto hai que engadir a desconsideración con propostas que ten realizado, a demora, ou non contestación, a comunicacións realizadas; en paralelo asistimos ao longo do tempo a renuncias de membros do mesmo, na actualidade están sen nomear varios, e funciona sen presidencia dende hai máis dun ano.

Todo o descrito evidencia que por parte da Xunta non lle está outorgando ao Consello de Bioética de Galicia o papel de referente da bioética en Galiza, razón pola cal se formula a seguinte interpelación:

Cal é a valoración que fai a Consellaría do funcionamento do Consello de Bioética de Galicia?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera normal que se exista un Consello de Bioética de Galicia, que ten entre as súas funcións asesorar e orientar á Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde e emitir informes e realizar estudos sobre as cuestións de bioética, e que logo non se lle soliciten ou non se teñan en conta?

Cal é a razón?

Vai realizar algunha actuación para resolver esta situación?

De ser así en que vai consistir?

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 23/11/2023 16:21:35

Iria Carreira Pazos na data 23/11/2023 16:21:43






OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 23/11/2023 16:22:43





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

